MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE 2025



TGM-TOLDOS GÓMEZ

TOLDOS GÓMEZ

MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE
E
DECLARACIÓN MEDIOAMBIENTAL
2025



TGM-TOLDOS GÓMEZ

Revisión 19 / período xaneiro a decembro 2025

Verificada externamente conforme a GRI e EMAS

TOLDOS GÓMEZ



CONTIDOS

1.0 Mensaxe do director 5

2.0 TGM-Toldos Gómez, empresa sustentable 6

2.1. Resumo do ano 2025 7

2.2. Histórico do avance en sustentabilidade 12

2.3. Análise de dobre materialidade: proceso e resultado 16

2.4. Sistema de xestión certificado 19

3.0 TGM – Toldos Gómez, a empresa 24

3.1. Historia da empresa 25

3.2. Misión, visión, valores 26

3.3. Organigrama e estrutura de goberno 28

3.4. Máximo órgano de goberno 32

3.5. Actividade 35

3.6. Cadea de valor 37

4.0 Grupos de interese e canles de diálogo 39

4.1. Grupos de interese 40

4.2. Canles de diálogo 41

4.3. Conflitos de interese 44

5.0 O noso compromiso cos 10 principios do Pacto Mundial 46

5.1. Respecto polos dereitos humanos (Principios 1 e 2) 47

5.2. Cumprimento das normas laborais (Principios 3, 4, 5 e 6) 48

5.3. Protección do medio ambiente (Principios 7, 8 e 9) 65


5.4. Bo goberno e loita contra a corrupción (Principio 10) 137

6.0 Compromiso co desenvolvemento local 139

6.1. Desenvolvemento do compromiso local 140

6.2. Colaboracións e acción social 141

Índice de contidos GRI 143


TGM

1.0 Mensaxe do director

Arzúa, setembro 2026



Desenvolver a nosa actividade empresarial ao mesmo tempo que coidamos do noso contorno e facelo dunha forma socialmente xusta e economicamente sustentable é un dos nosos sinais de identidade. Esta forma de ser cristaliza neste documento que elaboramos para compartir cos nosos grupos de interese e coa sociedade en xeral os nosos esforzos, avances e resultados do ano anterior. Internamente, sérvenos para facer balance do camiño percorrido e para decidir, con máis criterio, os nosos próximos pasos.

Este ano damos, ademais, un paso especialmente significativo: por primeira vez, integramos a nosa Memoria de Sustentabilidade coa Declaración Ambiental. Ata agora elaborabamos, por unha parte, unha Memoria de Sustentabilidade conforme ao prestixioso estándar internacional GRI –Global Reporting Initiative– e, por outra, unha Declaración Ambiental segundo esixe o sistema europeo EMAS de xestión e auditoría ambiental.

Nesta ocasión, fusionamos ambos os documentos nun só. Deste xeito, a parte relativa ao medio ambiente incluída nesta memoria constitúe, ao mesmo tempo, a nosa Declaración Ambiental conforme a EMAS. O documento resultante, que é o que agora presentamos, foi sometido a unha dobre verificación por un terceiro independente: como Memoria de Sustentabilidade conforme a GRI e como Declaración Ambiental conforme a EMAS.

Que unha entidade allea e imparcial comprobe a veracidade da información que compartimos e a súa adecuación a estándares utilizados por miles de organizacións en todo o mundo outorga a esta memoria un maior nivel de rigor, transparencia e credibilidade.

En 2026 cúmprense tamén dez anos desde a nosa adhesión ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. É un bo momento para recoñecer que aquela decisión, tomada hai xa unha década, de comprometernos cos Dez Principios do Pacto Mundial nas áreas de dereitos humanos, normas laborais, medio ambiente e loita contra a corrupción, e de asumir o reto de elaborar anualmente un informe de progreso, supuxo un impulso esencial no noso camiño.

Aquel compromiso axudounos a ordenar a nosa forma de avanzar, a medir mellor o que faciamos e a explicar con máis claridade o noso propósito de xerar valor de maneira responsable. Dez anos despois, reafirmamos o noso apoio aos Principios do Pacto Mundial e utilizamos esta memoria como Informe de Progreso.

Aquí queda, por tanto, esta Memoria de Sustentabilidade e Declaración Ambiental, que resume o noso desempeño durante o ano 2025 e reflicte, con datos e feitos contrastados, o camiño que seguimos percorrendo en TGM - Toldos Gómez.

Esteban Raposo Gómez
Conselleiro Delegado
TGM – Toldos Gómez

2.0

TGM – TOLDOS GÓMEZ, EMPRESA SUSTENTABLE




2.1 Resumo do ano 2025

A continuación, detállanse as principais magnitudes económicas do ano 2025, incluíndo os dous exercicios anteriores para poder apreciar a súa evolución:

	2023	2024	2025
Vendas netas	6.109.037,91 €	6.299.665,12 €	6.673.967,84 €
Débeda a 31 de decembro	3.313.870,33 €	3.385.427,93 €	3.358.296,56 €
Patrimonio a 31 de decembro	3.051.272,67 €	3.057.458,87 €	3.250.443,67 €
Cifra de gastos operativos	3.156.844,75 €	3.157.440,92 €	3.393.416,13 €
Valor dos soldos e prestacións a persoas empregadas	2.610.853,29 €	2.747.011,98 €	2.735.243,97 €
Pagamentos a provedores de capital	173.522,82 €	219.306,10 €	192.974,50 €
Subvencións recibidas de administracións públicas*	20.248,58 €	16.333,00 €	60.576,50 €

*Importes indicados por data de concesión e non de ingreso.
A información incluída no informe de sustentabilidade correspóndese única e exclusivamente coa entidade Toldos Gómez, S.L. Esta entidade non pertence a un grupo de empresas nin posúe participación noutras empresas.

As vendas do ano 2025 distribúense do seguinte xeito:



A entidade Toldos Gómez, S.L. ten o seu domicilio social no Lugar do Raído, s/n, parroquia de San Vicente de Burres, Arzúa, CP 15819. Ademais, Toldos Gómez, S.L. conta cos seguintes centros de traballo:

- Arzúa, Parque Empresarial, C/ Talabarteros, Parcelas 11-13.
- Santiago de Compostela, Polígono do Tambre, Vía Galileo nº 20, parcela 7.
- Bergondo, Polígono Industrial, rúa parroquia de Cortiñán, parcela I7.

Desde 2017, a organización vén elaborando e publicando anualmente un Informe de Progreso do Pacto Mundial das Nacións Unidas. Desde o informe correspondente ao exercicio 2021, este documento elabórase tomando como referencia os estándares GRI —Global Reporting Initiative— e, desde 2022, sométese a verificación externa, pasando a denominarse «Memoria de Sustentabilidade». Deste xeito, a presente memoria, referida ao ano 2025, é a cuarta verificada externamente conforme a GRI e o noso noveno informe de progreso.

Ademais, a empresa publica desde 2007 unha declaración medioambiental anual no marco do Sistema Comunitario de Xestión e Auditoría Medioambientais —EMAS—, tamén verificada por un terceiro independente. Este ano, ao elaborar, someter a auditoría e publicar a nosa vixésima declaración ambiental anual, integrámola coa nosa memoria de sustentabilidade, de forma que contamos cun único documento máis completo, coherente e útil para os nosos grupos de interese.

O 31 de outubro de 2025 depositáronse no Rexistro Mercantil as contas anuais da sociedade, previamente auditadas e correspondentes ao exercicio 2024. As contas do exercicio 2025 foron formuladas polo Consello de Administración o 27 de marzo de 2026 e sometidas a auditoría externa. Non existe diverxencia entre este reporte de sustentabilidade e os estados financeiros formulados polo Consello de Administración.

Os avances dignos de salientar en materia de sustentabilidade ao longo do período reportado nesta memoria 2025 son:

▸ En febreiro de 2025, inicio do terceiro ciclo de avaliación do desempeño, con entrevistas individuais nas que participa todo o persoal e nas que se proporciona retroalimentación individual a cada unha das persoas que forman TGM – Toldos Gómez, escoitando tamén as súas suxestións



▸ En marzo de 2025, patrocinio da 50ª edición da «Festa do Queixo», celebrada os días 14, 15 e 16 de marzo, publicando o logotipo do evento nas nosas furgonetas, albarás e facturas, e contribuíndo co Concello de Arzúa na fabricación e instalación de lonas.

▸ Desenvolvemento dun proxecto de economía circular para poñer en valor os subprodutos xerados no noso proceso produtivo. Durante o período analizáronse os materiais dispoñibles, definiuse un sistema de clasificación e rexistro para facilitar a súa trazabilidade, identificáronse empresas e sectores con potencial para reutilizalos e iniciáronse colaboracións piloto con dúas entidades externas, realizando os primeiros envíos de material para estudar a súa incorporación a novos procesos produtivos e evitar que estes remanentes cheguen a converterse en residuos

▸ Entre abril e outubro de 2025, cálculo e rexistro no MITECO da nosa pegada de carbono correspondente aos exercicios 2021, 2022, 2023 e 2024, obtendo o selo «Cálculo». Este traballo permítenos dispoñer dunha medición máis precisa das emisións de gases de efecto invernadoiro asociadas á nosa actividade, constitúe un paso importante para mellorar a xestión ambiental da empresa e reforza a transparencia ante os nosos grupos de interese.

▸ En maio de 2025, adquisición e instalación dun novo plotter de 3,30 metros de ancho de impresión con tintas UV, certificadas Greenguard e REACH. Grazas a este equipo mellorouse o proceso de rotulación e reduciuse o uso de cantidades significativas de disolventes químicos, avanzando cara a un proceso máis eficiente e con menor impacto ambiental.

► En maio de 2025, posta en marcha dun novo Protocolo de Desconexión Dixital, orientado a protexer o tempo de descanso das persoas traballadoras e a favorecer unha mellor conciliación entre a vida laboral e persoal. En cumprimento da normativa vixente, e como avance na nosa cultura interna, o protocolo establece normas claras para evitar comunicacións ou interrupcións fóra do tempo de traballo e reforzar o respecto aos períodos de descanso do persoal.

► En xuño de 2025, revisión e actualización das coberturas dos seguros contratados pola empresa, co obxectivo de reforzar a xestión de riscos e a capacidade de resposta ante posibles continxencias. Como resultado desta análise, ampliáronse os límites da póliza de responsabilidade civil, elevando o límite por sinistro de 600.000 € a 750.000 € e o límite por vítima de 150.240 € a 300.000 €. Así mesmo, revisáronse os seguros das naves, actualizando os capitais asegurados para adecualos mellor ao valor real dos activos protexidos.

► En setembro de 2025, arranque do novo software de rexistro horario e xestión de persoas, o que supón un avance na mellora da xestión interna, a transparencia e a eficiencia administrativa. Esta ferramenta permite dispoñer de información máis fiable sobre a xornada, as ausencias e outros procesos vinculados á xestión de persoas, contribuíndo a unha relación máis clara e ordenada entre a empresa e o persoal.

► En setembro de 2025, celebración da nosa xornada anual corporativa de formación e convivencia, na que reforzamos valores como a cooperación e o traballo en equipo. Tamén organizamos a novena Carreira Clásica TGM, que conta cunha ampla participación dos nosos grupos de interese e contribúe a fortalecer os vínculos entre a empresa, as persoas traballadoras e o noso contorno.

► En novembro de 2025, impartición dunha formación sobre bo trato dirixida a todo o persoal, dando resposta a unha cuestión detectada na enquisa de satisfacción interna realizada en 2024. Esta acción formativa, titulada «Actitudes e habilidades para o bo trato no traballo», levouse a cabo en seis grupos, cunha duración de dúas horas por grupo. Utilizouse como punto de partida o «Decálogo do bo trato» difundido entre o persoal en 2024 e profundouse en aspectos como a asertividade, a empatía, a influencia dos prexuízos e as expectativas no clima laboral, e a importancia da axuda mutua.



► En decembro de 2025, lanzamento da nova páxina web lonaspararemolque.com, desenvolvida dentro do programa Kit dixital e integrando actuacións de deseño web, posicionamento en liña e promoción en redes sociais. Este proxecto supón un avance na dixitalización comercial da empresa, ao facilitar o acceso da clientela a unha liña específica de produto e reforzar a nosa presenza en canles dixitais. Ademais, contribúe á sustentabilidade económica da organización, ao mellorar a visibilidade dos nosos produtos, apoiar a captación de nova clientela e fortalecer a adaptación da empresa aos novos hábitos de busca e compra.

En canto aos avances en materia de sustentabilidade do ano en curso, ata a data de elaboración desta memoria, destacamos os seguintes:

▸ Desde principios de 2026, adaptación do horario do departamento comercial, aliñándoo co horario do departamento de administración e favorecendo unha mellor organización do tempo de traballo. Con este cambio, o equipo comercial pasa a dispoñer de tres tardes libres á semana, traballando eses días de 8:00 a 15:00, e mantén dúas xornadas con horario de tarde ata as 18:30. A medida permite avanzar na conciliación da vida laboral e persoal das persoas do departamento, ao tempo que mellora a atención á clientela mediante un horario telefónico ininterrompido de 8:00 a 18:30. Esta actuación supón un avance na xestión responsable das persoas e na busca de fórmulas organizativas máis equilibradas e eficientes.

▸ En xaneiro de 2026 adaptouse a canle de denuncias na páxina web da compañía para permitir que as persoas informantes anónimas poidan facer seguimento da resposta que proporcione a empresa ás súas comunicacións, sen revelar a súa identidade.



▸ En xaneiro de 2026, e dando continuidade á colaboración do ano anterior mediante o patrocinio da 50ª Festa do Queixo, TGM – Toldos Gómez cedeu as súas instalacións do parque empresarial de Arzúa para a presentación oficial da 51ª edición desta celebración. Esta colaboración enmárcase dentro do patrocinio desta festa e reforza o noso compromiso co contorno máis próximo, o apoio ás iniciativas culturais e económicas do municipio e a implicación activa da empresa en acontecementos relevantes para a comunidade local.

▸ En febreiro de 2026 iniciouse un proxecto de análise de dobre materialidade, cuxos resultados foron validados en xullo do mesmo ano. O estudo permitiu identificar os principais impactos positivos e negativos, reais e potenciais, que a actividade de TGM–Toldos Gómez e a súa cadea de valor xeran ou poden xerar sobre as persoas, a sociedade e o medio ambiente, así como os riscos e oportunidades que as cuestións de sustentabilidade representan para a empresa. O resultado constitúe unha base obxectiva para orientar a estratexia, os futuros plans de acción e a información reportada. A metodoloxía aplicada, o proceso seguido e as principais conclusións da análise preséntanse no apartado 2.3 desta memoria.

▸ En xuño de 2026, posta en marcha dun servizo específico de prevención do acoso laboral, que inclúe un protocolo propio, unha liña de denuncia e a xestión das posibles comunicacións recibidas. Esta actuación supón un avance na protección das persoas traballadoras e na consolidación dun ámbito laboral seguro, respectuoso e libre de condutas inapropiadas. Ademais, reforza o noso compromiso coa escoita, a prevención de conflitos e a existencia de mecanismos claros e confidenciais para actuar ante situacións que poidan afectar á dignidade, ao benestar ou á convivencia no traballo.

2.2 Histórico do avance en sustentabilidade 2004-2025



2004

Certificación ISO 9001 de Calidade

2006

Certificación ISO 14001 de Xestión Ambiental

2007

Adhesión voluntaria ao sistema de xestión e auditoría ambiental EMAS e primeira declaración ambiental, que desde entón se elabora e verifica anualmente.

Instalación de paneis fotovoltaicos na nave do Raído (Arzúa).

2009

Elaboración do primeiro plan de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

2010

Sistema de xestión adaptado ao referente OHSAS 18001 (Xestión e saúde laboral).



2011

Primeira Memoria de Sustentabilidade.

Conforme á guía G3 de GRI, verificada externamente por AENOR e referida ao ano 2010.

2016

Adhesión ao Pacto Mundial das Nacións Unidas

Enquisa de clima laboral para todo o cadro de persoal.

2017

Primeiro informe de progreso para o Pacto Mundial das Nacións Unidas (referido ao ano 2016), que desde entón se elabora e publica anualmente.

Plan de acción en materia de Responsabilidade Social 2017-2019.

2019

Primeira avaliación do desempeño para todo o cadro de persoal.

Certificación ISO 45001 de Seguridade e Saúde no Traballo.

Plan de saúde e benestar para todo o cadro de persoal.

Elaboración do segundo plan de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

2.2 Histórico do avance en sustentabilidade 2004-2025



2020


Doazón de máis de 4.000 máscaras protectoras contra a COVID-19.

2021

Plan de acción en materia de Responsabilidade Social 2022-2025.

2022

Adaptación do informe de progreso para o Pacto Mundial das Nacións Unidas ao estándar GRI e cambio do título a «Memoria de Sustentabilidade».



2023

Verificación por terceiro independente da memoria de sustentabilidade conforme a GRI relativa ao ano 2022; a partir desta data a memoria elabórase e verifícase externamente cada ano.

Lanzamento da marca «Moheva», orientada á reutilización de restos de fabricación e redución do residuo xerado.

Adhesión á Alianza Galega polo Clima.

Apertura da canle de denuncias.

2024

Instalación de paneis fotovoltaicos para autoconsumo na nave de Arzúa (parque empresarial).

Adhesión á Declaración de Luxemburgo, empezando a formar parte da «Rede de Empresas Saudables».

Constitución do Comité de Sustentabilidade.

A empresa marca por primeira vez o cadro 73 do imposto de sociedades, destinando así o 0,7% da nosa cota íntegra a fins sociais.

Modificación dos estatutos sociais para incluír o compromiso explícito coa Responsabilidade Social Empresarial.

2025

Cálculo e rexistro no MITECO da nosa pegada de carbono correspondente aos exercicios 2021 a 2024, obtendo o selo «Cálculo».

Adquisición dun novo plotter de 3,30 metros de ancho de impresión con tintas UV, certificadas Greenguard e REACH.

Posta en marcha do novo protocolo de desconexión dixital.

2.3 Análise de dobre materialidade: proceso e resultados

Durante 2026, con posterioridade ao período obxecto desta memoria, TGM–Toldos Gómez completou unha análise de dobre materialidade destinada a identificar e priorizar as cuestións ambientais, sociais e de gobernanza máis relevantes para a organización.

A dobre materialidade integra dúas perspectivas complementarias:

- **A materialidade de impacto,** que analiza os efectos positivos ou negativos, reais ou potenciais, que a actividade da empresa e a súa cadea de valor poden xerar sobre as persoas, a sociedade e o medio ambiente.
- **A materialidade financeira**, que estuda como as cuestións relacionadas coa sustentabilidade poden representar riscos ou oportunidades para o desenvolvemento, os resultados, a posición competitiva e a continuidade da empresa.

O proxecto desenvolveuse tomando como referencia os principios da Directiva europea de información sobre sustentabilidade —CSRD—, os temas e subtemas definidos nos estándares europeos de sustentabilidade —ESRS— e o estándar voluntario europeo de información sobre sustentabilidade para pemes —VSME—. A súa finalidade é mellorar a calidade e a utilidade da información reportada, responder ás demandas da clientela, entidades financeiras e outros grupos de interese, e dispoñer dunha base obxectiva para orientar a estratexia e as decisións de xestión.

Metodoloxía

O proceso comezou coa identificación dunha listaxe ampla de impactos, riscos e oportunidades —IROs— potencialmente relevantes. Para iso analizáronse os temas e subtemas recollidos nos ESRS, documentación e políticas internas, informes anteriores, tendencias de sustentabilidade, referencias ESG e análises de materialidade publicadas por outras compañías.

Unha consultora externa realizou unha valoración preliminar seguindo as orientacións da guía de dobre materialidade de EFRAG. Posteriormente, as valoracións foron revisadas en sesións de traballo por persoas responsables de Xerencia, Recursos Humanos, Cumprimento Legal e ASG, Compras, Instalacións, Produción, Finanzas e Marketing.

A Representación Legal das Persoas Traballadoras participou tamén mediante un cuestionario no que valorou os asuntos nos que consideraba que TGM–Toldos Gómez xera un impacto máis relevante. A súa valoración incorporouse ao cálculo da severidade dos impactos.

Finalmente, a Área de Cumprimento Legal e ASG e a Dirección validaron os resultados consolidados.

A avaliación considerou, entre outros criterios, a magnitude, o alcance e a dificultade de reparación dos impactos; o posible efecto sobre os custos, os investimentos, os recursos e as relacións da empresa; os aforros ou fluxos de caixa potenciais; o prazo no que poderían manifestarse os efectos; e a súa probabilidade de ocorrencia.

A partir da combinación de severidade e probabilidade, cada impacto, risco ou oportunidade foi clasificado nun de catro niveis: crítico, significativo, emerxente ou mínimo. Consideráronse materiais os subtemas que alcanzaron un nivel crítico ou significativo en, polo menos, unha das dúas perspectivas.


Resultado do análise

A análise identificou os seguintes subtemas materiais:

Ámbito	Cuestión material	Materialidade de impacto	Materialidade financeira
Ambiental	Adaptación e mitigación do cambio climático	Significativa	Significativa
Ambiental	Enerxía	Mínima	Significativa
Ambiental	Entradas e utilización de recursos	Significativa	Significativa
Ambiental	Saídas de recursos relacionadas con produtos e servizos	Significativa	Significativa
Social	Condicións de traballo do persoal propio	Significativa	Crítica
Social	Igualdade de oportunidades e non discriminación	Significativa	Significativa
Social	Condicións de traballo na cadea de valor	Significativa	Mínima
Social	Información para consumidores e usuarios finais	Significativa	Significativa
Social	Inclusión social de consumidores e usuarios finais	Significativa	Significativa
Gobernanza	Cultura corporativa	Significativa	Significativa
Gobernanza	Relacións con provedores e prácticas de pagamento	Mínima	Significativa

No ámbito **ambiental,** a análise destaca as emisións asociadas ao consumo de combustible, ao transporte e á fabricación de materias primas; a exposición da actividade a fenómenos meteorolóxicos extremos; a evolución dos prezos da enerxía e de materiais estratéxicos como o aluminio e as fibras sintéticas; e a necesidade de mellorar o aproveitamento dos materiais e a súa reciclabilidade ao final da vida útil.

Ao mesmo tempo, identifícanse oportunidades vinculadas á implantación de enerxías renovables, á optimización do deseño e do corte, á incorporación de materiais reciclados, ao modelo de fabricación baixo demanda e ao desenvolvemento de servizos de reparación e mantemento que prolonguen a vida útil dos produtos. O cambio climático pode xerar tamén unha maior demanda de solucións de protección solar e confort térmico.



No ámbito **social**, as condicións de traballo do persoal propio constitúen a cuestión de maior relevancia financeira. Como impactos positivos recoñécense a xeración de emprego estable, o pagamento puntual e adecuado dos salarios, as medidas de conciliación e a cultura preventiva en seguridade e saúde. Entre os principais riscos atópanse o absentismo, a perda de talento, as sobrecargas ou colos de botella derivados do crecemento e a exposición de determinadas actividades a episodios de calor extremo.

A flexibilidade organizativa, os programas de benestar, a formación continua e o desenvolvemento do talento representan oportunidades para mellorar a produtividade, favorecer a captación e retención de persoas e reforzar o seu compromiso coa organización. Tamén resultan materiais a igualdade de oportunidades, a prevención do acoso, as condicións laborais na cadea de subministro, a claridade da información facilitada á clientela e o deseño de solucións accesibles para persoas maiores ou con mobilidade reducida.

En materia de **gobernanza**, a análise pon de relevo o valor dunha cultura corporativa baseada na sustentabilidade, a ética, a transparencia e o cumprimento normativo. Un posicionamento proactivo nestas materias permite anticiparse aos cambios regulatorios, responder aos requisitos ASG da clientela e das licitacións, fortalecer a reputación e mellorar a cohesión interna. Así mesmo, unha xestión transparente das relacións coas empresas provedoras e o establecemento de condicións e prazos de pagamento claros contribúen a xerar confianza e estabilidade na cadea de subministro.

Os resultados desta análise servirán como referencia para revisar as prioridades de sustentabilidade de TGM–Toldos Gómez, establecer obxectivos e plans de acción, asignar responsabilidades, seleccionar indicadores de seguimento e mellorar progresivamente a información incluída en futuras memorias.

2.4 Sistema de xestión certificado

Desde o ano 2004, TGM - Toldos Gómez funciona conforme a un Sistema de Xestión da Calidade baseado na ISO 9001, norma elaborada pola Organización Internacional de Normalización. A súa aplicación reflicte o compromiso da empresa coa calidade, coa satisfacción da clientela e cunha forma de traballar orientada a «facer as cousas ben á primeira».

Este sistema de xestión constitúe, ademais, unha ferramenta esencial para avanzar en sustentabilidade, xa que permite ordenar os procesos, identificar riscos e oportunidades, xestionar impactos reais e potenciais, establecer obxectivos, medir resultados e aplicar accións de mellora continua.

Unha entidade certificadora acreditada, AENOR, avalía anualmente este compromiso e a adecuación da operativa diaria aos procedementos do Sistema de Xestión da Calidade e aos requisitos da propia norma ISO 9001. O certificado de calidade ER-0546/2004 foi emitido por primeira vez o 6 de abril de 2004 e expira o 10 de xuño de 2028. Antes desa data será novamente renovado.

No marco do Sistema de Xestión da Calidade, e en coherencia co obxectivo de satisfacción da clientela, a organización revisa os comentarios recibidos en redes sociais, as suxestións comunicadas por teléfono, WhatsApp ou calquera outro medio, e xestiona as non conformidades, incidencias ou reclamacións recibidas. Estas canles de diálogo contribúen a detectar impactos negativos reais e potenciais, a corrixir desviacións e a incorporar melloras na atención prestada á clientela.



AENOR

Certificado del
Sistema de Gestión de la Calidad

AENOR
GESTIÓN
DE LA CALIDAD
ISO 9001

ER-0546/2004

AENOR certifica que la organización

TOLDOS GÓMEZ, S.L.

dispone de un sistema de gestión de la calidad conforme con la Norma ISO 9001:2015

para las actividades: El diseño, producción e instalación de sistemas de protección solar (toldos, capotas y sombrillas) carpas, pancartas, lonas para el transporte, productos de lona para la industria, cintas de trincaje y elevación.
Impresión digital y rotulación sobre lonas, tejidos, productos de vinilo y papel.

que se realizan en: Direcciones indicadas en el Anexo

Primera emisión:2004-04-06 Última emisión:2025-06-23
Expiración último certificado:2025-06-10 Auditoría:2025-05-13
Expiración:2028-06-10

Rafael GARCÍA MEIRO
CEO

IAF ENAC IQNET

AENOR CONFIA S.A.U.
Génova, 6. 28004 Madrid. España
Tel. 91 432 60 00.- www.aenor.com

Ademais, como consecuencia da súa preocupación polo coidado do medio ambiente, a empresa adaptou o seu sistema de xestión á norma ISO 14001, de Sistema de Xestión Ambiental, e certificou en 2006 a conformidade do seu sistema con esta norma. En 2007 adheriuse voluntariamente ao Sistema Comunitario de Xestión e Auditoría Medioambientais, EMAS, coa referencia VDM-07/043.

O propósito deste sistema de xestión ambiental é controlar e reducir o impacto da actividade de TGM - Toldos Gómez no medio ambiente, asegurar o cumprimento da lexislación vixente e divulgar información relevante sobre o seu desempeño ambiental. Como resultado deste compromiso, a dirección estableceu pautas de actuación aplicables a toda a organización e extensibles, no seu ámbito de influencia, a empresas provedoras e subcontratistas, especialmente en materias como a xestión de residuos, o consumo de recursos naturais, os vertidos e as emisións. O certificado ISO 14001, con número de referencia GA-2006/0239, expira o 10 de xuño de 2028.



AENOR

Certificado del
Sistema de Gestión Ambiental

AENOR
GESTIÓN AMBIENTAL
ISO 14001

GA-2006/0239

AENOR certifica que la organización

TOLDOS GÓMEZ, S.L.

dispone de un sistema de gestión ambiental conforme con la Norma ISO 14001:2015


para las actividades: El diseño, producción e instalación de sistemas de protección solar (toldos, capotas y sombrillas), carpas, pancartas, lonas para el transporte, productos de lona para la industria, cintas de trincaje y elevación. Impresión digital y rotulación sobre lonas, tejidos, productos de vinilo y papel.

que se realiza/n en: Direcciones indicadas en el Anexo

Primera emisión:2006-06-30 Última emisión:2025-06-23
Expiración último certificado:2025-06-10 Auditoría:2025-05-12
Expiración:2028-06-10

Rafael GARCÍA MEIRO
CEO

AENOR CONFIA S.A.U.
Génova, 6. 28004 Madrid. España
Tel. 91 432 60 00.- www.aenor.com



AENOR

Esquema Europeo de Ecogestión y Ecoauditoría (EMAS)

VDM-07/043

AENOR certifica que la organización

TOLDOS GÓMEZ, S.L.

dispone de un sistema de gestión ambiental que cumple con los requisitos del Reglamento (CE) nº 1221/2009 modificado por el Reglamento (UE) 2017/1505 y Reglamento (UE) 2018/2026

para las actividades: El diseño, producción e instalación de sistemas de protección solar (toldos, capotas y sombrillas) carpas, pancartas, lonas para el transporte, productos de lona para la industria, cintas de trincaje y elevación.
Rotulación e impresión digital sobre lonas, tejidos, productos de vinilo y papel.

que se realizan en: LG. RAÍDO, S/N - SAN VICENTE DE BURRES. 15810 - ARZÚA (A CORUÑA)
P.I. TAMBRE- VÍA GALILEO, 7. 15890 - SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)
P.I. BERGONDO - PARROQUIA DE CORTIÑÁN - PARCELA I3. 15165 - BERGONDO (A CORUÑA)
PQ. EMPRESARIAL DE ARZÚA - C/ TALABARTEROS, PARCELA 11-13. 15810 - ARZÚA (A CORUÑA)

Validación:2025-06-23

Rafael GARCÍA MEIRO
CEO

AENOR CONFIA S.A.U.
Génova, 6. 28004 Madrid. España
Tel. 91 432 60 00. - www.aenor.com

Este documento no equivale al registro EMAS. El registro EMAS solo puede ser otorgado por un Organismo Competente en virtud del Reglamento (CE) nº 1221/2009

Original Electrónico

A saúde e a seguridade das persoas que traballan en TGM - Toldos Gómez constitúen outra prioridade da organización. Desde o ano 2010, a empresa conta cun sistema de xestión integrado —calidade, medio ambiente e seguridade e saúde no traballo— baseado en normas internacionais e orientado ao cumprimento de requisitos, á prevención de riscos e á mellora continua dos procesos.

Desde 2019, a entidade conta co certificado de Seguridade e Saúde no Traballo conforme á norma ISO 45001, expedido por AENOR co número de referencia SST-0142/2019, que expira o 18 de outubro de 2028.



AENOR

Certificado del Sistema de Gestión
Seguridad y Salud en el Trabajo

AENOR
SEGURIDAD Y SALUD EN EL TRABAJO
ISO 45001

SST-0142/2019

AENOR certifica que la organización

TOLDOS GÓMEZ, S.L.

dispone de un sistema de gestión de Seguridad y Salud en el Trabajo conforme con la Norma UNE-EN ISO 45001:2023

para las actividades: El diseño, producción e instalación de sistemas de protección solar (toldos, capotas y sombrillas) carpas, pancartas, lonas para el transporte, productos de lona para la industria, cintas de trincaje y elevación. Impresión digital y rotulación sobre lonas, tejidos, productos de vinilo y papel.

que se realiza/n en: LG. RAÍDO, S/N - SAN VICENTE DE BURRES. 15810 - ARZÚA (A CORUÑA)
P.I. TAMBRE- VÍA GALILEO, 7. 15890 - SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)
P.I. BERGONDO - PARROQUIA DE CORTIÑÁN - PARCELA I1. 15165 - BERGONDO (A CORUÑA)
PQ. EMPRESARIAL DE ARZÚA - C/ TALABARTEROS, PARCELA 11-13. 15810 - ARZÚA (A CORUÑA)

Primera emisión:2019-10-18
Expiración:2028-10-18

Última emisión:2025-10-18

Rafael GARCÍA MEIRO
CEO

IAF ENAC IQNET

AENOR CONFIA S.A.U.
Génova, 6. 28004 Madrid. España
Tel. 91 432 60 00. - www.aenor.com

Deste xeito, a calidade, a protección ambiental e a seguridade e saúde no traballo intégranse na xestión diaria da organización.



3.0

TGM – TOLDOS GÓMEZ, A EMPRESA




3.1 Historia da empresa



MATILDE



MANUEL



CÁNDIDO



ANTONIO

TGM – Toldos Gómez ten a súa orixe nun taller de gornicionaría fundado en 1908 polo artesán Antonio Gómez Rodríguez, no número 3 da rúa Fraga do Rei de Arzúa. Ao seu falecemento, en maio de 1936, o negocio foi continuado, primeiro pola súa esposa, Matilde Cea, e posteriormente polos seus fillos Manuel e Cándido. Baixo o nome «Hermanos Gómez», a empresa mantivo a actividade de fabricación de monturas e traballos de gornicionaría en xeral, preservando un saber facer artesanal que forma parte da identidade familiar, ata que, a finais dos anos sesenta, comezou a incorporar a confección de lonas e toldos.

En 1976 rematouse a construción dunha nave industrial no Raído, parroquia de Burres, destinada a esta nova actividade, baixo a dirección de Antonio Gómez Alamancos. Así comezou o desenvolvemento do negocio de fabricación e instalación de toldos e lonas como unha actividade diferenciada da gornicionaría.

En 1987 adquiriuse unha nave no Polígono Industrial do Tambre, en Santiago de Compostela, cuxa xestión foi asumida por José Manuel Gómez Alamancos. Este proceso de diferenciación da actividade de gornicionaría culminou en setembro de 1990 coa constitución da sociedade «Toldos Gómez, S.L.» por parte da familia propietaria.

Máis tarde, en 1996, construíuse unha segunda nave no Raído, e en 1999 abriuse unha nova nave con atención ao público en Bergondo, cuxa responsabilidade foi asumida por Víctor Manuel Gómez Alamancos. En 2013 puxéronse en marcha unhas novas instalacións no Parque Empresarial de Arzúa, cunha superficie de case 7.000 metros cadrados, consolidando a presenza da empresa no seu contorno de orixe e reforzando a súa capacidade produtiva.

Desde a xubilación de Antonio Gómez Alamancos en setembro de 2016, o cargo de Conselleiro Delegado osténtao Esteban Raposo Gómez, bisneto do fundador e representante da cuarta xeración familiar vinculada ao proxecto empresarial. Máis dun século despois da súa fundación, TGM – Toldos Gómez mantén unha traxectoria marcada pola continuidade familiar, a adaptación a novas actividades e tecnoloxías, e o arraigamento no territorio no que naceu.

3.2 Misión, visión, valores



3.2.1 Misión

Confeccionar e instalar unha ampla gama de solucións utilizando como materia prima lona e outros materiais.

- Á medida para cada cliente.
- Cunha gran calidade.
- Desde unha posición de liderado no mercado.



3.2.2 Visión

Manter a nosa posición de liderado en Galicia en todas as nosas actividades, gañando continuamente cota de mercado no resto de España, comprometéndonos co enfoque á clientela, a mellora continua e o desenvolvemento sustentable.



3.2.3 Valores

▸ *Espírito de servizo*

Ter a vontade de brindar un servizo que entusiasme á clientela, interna e externa. Implica un interese sincero polos demais, manter unha actitude aberta e mostrar dispoñibilidade para atender as necesidades da outra persoa.

▸ *Traballo en equipo*

Traballar xuntos para alcanzar unha visión común. Implica unir as aptitudes das persoas integrantes da empresa potenciando os seus esforzos e aumentando a eficacia dos resultados.

▸ *Responsabilidade Social*

Enténdese como unha filosofía e unha actitude que adopta a empresa cara aos negocios, e que se reflicte na incorporación voluntaria na súa xestión das preocupacións e expectativas dos grupos de interese. Comporta un modelo de xestión que persegue a sustentabilidade e ser socialmente responsable.

▸ *Excelencia*

Organizar, planificar e xestionar todos os ámbitos e procesos da empresa para alcanzar resultados excelentes. Comporta avaliar regularmente os logros alcanzados e adoptar estratexias e accións de mellora continua.

▸ *Integridade*

Capacidade de actuar de acordo co que se di ou se considera importante. Implica actuar conforme ás normas éticas e sociais nas actividades relacionadas co traballo sen mentir nin enganar.

▸ *Innovación*

Promover unha cultura empresarial na que todas as persoas da compañía poidan contribuír á incorporación de novas ideas que provoquen cambios nos modelos de negocio, nos procesos, na organización, nos produtos ou na comercialización, co fin de mellorar, ser máis creativos e creativas e eficientes.

Compromiso e política

Toldos Gómez S.L. comprométese e insta a todas as persoas que forman parte do persoal a:

▸ Mellorar continuamente os procesos internos da empresa.

▸ Cumprir as necesidades e expectativas da nosa clientela, así como os requisitos legais e regulamentarios aplicables, incluíndo a protección do medio ambiente, o compromiso de prevención da contaminación e da seguridade e saúde no traballo.

▸ Ofrecer á nosa clientela a mellor e máis completa información posible sobre os produtos que fabricamos e comercializamos.

▸ Dar un bo servizo posvenda que produza satisfacción á nosa clientela.

▸ Dispoñer dos recursos técnicos máis avanzados no sector.

▸ Contar cos recursos humanos necesarios para o desempeño da actividade, fomentando o máximo compromiso destes coa política e os obxectivos da empresa, recorrendo para iso á consulta e participación nos mesmos, garantindo a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e tratando de contribuír á súa realización integral como persoas.

▸ Fabricar os produtos coa calidade requirida ao menor custo posible.

▸ Seleccionar e avaliar os nosos provedores e subcontratistas utilizando criterios de calidade, cumprimento ambiental e responsabilidade social.


▸ Investigar para mellorar os nosos produtos actuais e crear novos produtos para ofrecer ao mercado.

▸ Proporcionar condicións de traballo seguras e saudables para a prevención de lesións e deterioración da saúde.


▸ Eliminar os perigos e reducir os riscos para a Seguridade e Saúde no Traballo.

▸ Apoiar e desenvolver, dentro da nosa esfera de influencia, os dez principios do Pacto Mundial das Nacións Unidas en materia de Dereitos Humanos, Dereitos Laborais, Medio Ambiente e loita contra a corrupción.

3.3 Organigrama e estrutura de goberno



*O organigrama en vigor foi aprobado na reunión do Consello de Administración do día 6 de setembro de 2023.


Consello de Administración
Dirección Xerencia
R.de Informática e Comunicacións
R. de Control de Xestión e Postventa
Tco./Tca. de Control de Xestión e postventa
Responsable de Calidade; M.A. e S.S.T.
Dirección de Produción
Dirección de instalacións
Dirección de RR.HH.
Coordinación instalacións
Técnicos/as en RR.HH.
Administrativos/as comerciais
Técnicos/as en instalacións
Auxiliares de instalacións
Auxiliares de RR.HH.
Xefatura de Sección de Produción
Responsable de Delegación
Xefatura de Oficina Técnica
Auxiliares de Oficina de Produción
Responsable de expedicións e mantemento
Operario/a de Produción
Operario/a de Produción
Técnicos/as de Oficina Técnica
Técnicos/as de Deseño Gráfico
Membro do Comité de Dirección
Posto ocupado por varias persoas

Toldos Gómez, S.L. é unha empresa familiar que adopta a forma xurídica de sociedade limitada. Conta cun Protocolo Familiar inscrito no Rexistro Mercantil, de data 11 de marzo de 2006.

- **Na Xunta Xeral de Socios,** as persoas propietarias expresan a súa vontade mediante o principio maioritario. Corresponde á Xunta Xeral o nomeamento do órgano de administración da sociedade: o Consello de Administración.

- **O Consello de Administración** é o máximo órgano de goberno da sociedade. É designado pola Xunta Xeral de Socios e elixe o conselleiro delegado, en quen delega a maioría das súas funcións. Para máis información, véxase o apartado 3.4.

- **O conselleiro delegado** é ademais, na actualidade, o director xerente da sociedade. Para o desempeño das súas funcións conta co asesoramento e apoio dun Comité de Dirección, formado por sete persoas, que actúa como eixe de transmisión das políticas e decisións da alta dirección ao resto da empresa e vela polo seu cumprimento.

- **O Comité de Dirección** reúnese, polo menos, unha vez por semana e está formado pola Dirección-Xerencia, a Dirección Administrativa-Financeira, a Dirección Comercial, a Dirección de Instalacións, a Dirección de Produción, a Dirección de Recursos Humanos e a Dirección-Xerencia da sociedade Guarnicionería Hermanos Gómez, S.L.

Ademais, a Dirección de Toldos Gómez, S.L. conta con distintos comités de apoio, cuxa función é colaborar na toma de decisións, realizar o seguimento dos obxectivos e supervisar materias relevantes para a organización, especialmente nos ámbitos de calidade, seguridade e saúde no traballo, medio ambiente e sustentabilidade. Estes comités son o Comité de Calidade, o Comité de Seguridade e Saúde no Traballo e o Comité de Sustentabilidade e Medio Ambiente. Todos eles convócanse formalmente e as súas decisións recóllense en acordos, dos que se levanta acta.



- **O Comité de Calidade** reúnese unha vez ao trimestre, cun enfoque de mellora continua e xestión por procesos. Analiza os indicadores do sistema, revisa o estado dos obxectivos de calidade vixentes establecidos na revisión pola dirección, as non conformidades, a retroalimentación da clientela, as comunicacións das partes interesadas e as accións para abordar riscos e oportunidades.

  Forman parte do Comité de Calidade o director xerente, a persoa responsable de calidade e unha persoa representante de cada un dos procesos —compras, facturación e cobro, comercial, produción, recursos humanos, deseño, xestión de recursos técnicos e instalación— que non participe no Comité de Dirección.


- **O Comité de Seguridade e Saúde** no Traballo é o órgano colexiado encargado de analizar os informes de sinistralidade, así como os obxectivos e requisitos en materia de seguridade e saúde no traballo. Así mesmo, impulsa e realiza o seguimento das accións necesarias para o cumprimento dos requisitos legais aplicables neste ámbito.

  Este comité reúnese trimestralmente e está integrado polos dous delegados de prevención, a Dirección de Produción e a Dirección de Instalacións. Participan como invitados a Dirección-Xerencia e a persoa responsable de seguridade e saúde laboral.

- **O Comité de Sustentabilidade e Medio Ambiente** resulta da integración, levada a cabo o 17 de novembro de 2025, do anterior Comité de Medio Ambiente, de periodicidade semestral, e do Comité de Sustentabilidade, constituído o 19 de marzo de 2024.

  Este comité reúnese trimestralmente e participan nel a persoa responsable de cumprimento legal e sustentabilidade; a persoa responsable de calidade e sistema integrado de xestión; a Dirección de Recursos Humanos; a persoa responsable de marketing; a persoa responsable de compras; e a Dirección-Xerencia.


  No Comité de Sustentabilidade e Medio Ambiente revísanse e impúlsanse os plans de acción da organización en materia de sustentabilidade, coordínase a elaboración da memoria de sustentabilidade e realízase o seguimento dos obxectivos de sustentabilidade e medio ambiente. En materia medioambiental, tamén se revisan os indicadores, as non conformidades, a retroalimentación da clientela, as comunicacións das partes interesadas e as accións para abordar riscos e oportunidades.



3.4 Máximo órgano de goberno

O máximo órgano de goberno da sociedade é o Consello de Administración, órgano colexiado composto por oito persoas elixidas pola Xunta Xeral de Socios.

Das oito persoas que compoñen o Consello de Administración, tres foron designadas entre profesionais externos á sociedade e non teñen a condición de socios. En canto á súa diversidade, seis superan os cincuenta anos de idade e dúas sitúanse entre os trinta e os cincuenta anos; dúas son mulleres e seis son homes.



- **Antonio Gómez Alamancos (nomeamento: 10/03/2006), conselleiro dominical, en calidade de presidente.**
- **José Manuel Gómez Alamancos (nomeamento: 10/03/2006), conselleiro dominical, en calidade de vogal.**
- **Víctor Manuel Gómez Alamancos (nomeamento: 10/03/2006), conselleiro dominical, en calidade de vogal.**
- **Esteban Raposo Gómez (nomeamento: 10/03/2006), conselleiro dominical, en calidade de conselleiro delegado da sociedade.**
- **Miguel Gómez Alamancos (nomeamento: 10/03/2006), conselleiro dominical, en calidade de vogal.**
- **Oriana Mourentan Brea, en representación de Mourentan, S.L. (nomeamento: 14/12/2017), profesional externa, en calidade de vogal.**
- **Alberto Chouza Ponte (nomeamento: 19/08/2016), profesional externo, en calidade de vogal.**
- **Ana García Sanjurjo (nomeamento: 12/02/2021), profesional externa, en calidade de secretaria.**

▸ **O Consello de Administración** reúnese trimestralmente e, como órgano de administración da sociedade, asume todos os asuntos relativos ao xiro, tráfico mercantil e vida xeral da sociedade. Non obstante, a maioría das súas funcións están delegadas na persoa do conselleiro delegado, nomeado polo propio Consello e único membro do órgano con funcións executivas. Esta delegación require o voto favorable de dúas terceiras partes dos compoñentes do Consello e figura inscrita no Rexistro Mercantil.

Entre as funcións do conselleiro delegado atópanse, entre outras, representar a sociedade xudicial e extraxudicialmente, contratar e despedir todo tipo de persoal, administrar os bens sociais, celebrar actos e contratos que vinculen a entidade e conceder, modificar e revogar todo tipo de apoderamentos. Con todo, quedan excluídas das facultades conferidas para o seu exercicio polo conselleiro delegado, por si só, as decisións de persoal que afecten a membros da familia propietaria; a celebración de actos e contratos que impliquen arrendar, ceder o uso e goce, gravar ou hipotecar bens inmobles pertencentes á sociedade; e a adquisición ou alleamento de activos cando o importe da operación supere os 50.000 euros. Estas limitacións non producirán efectos fronte a terceiros.

▸ Función

O Consello de Administración é o órgano colexiado que rexe e administra a vida da sociedade. O presidente, a secretaria e os vogais carecen de funcións executivas, quedando as devanditas facultades reservadas ao conselleiro delegado.

No exercicio das funcións dos órganos de goberno e coa finalidade de evitar conflitos de interese na Xunta Xeral de Socios e no Consello de Administración, deben terse en conta dúas normas internas:

- Protocolo Familiar, que entrou en vigor 11 de marzo de 2006;
- Regulamento do Consello de Administración, aprobado en reunión do Consello de Administración o 30 de marzo de 2012.

O Consello de Administración ten competencia para definir o propósito, os valores, a misión, as políticas e a estratexia da sociedade, tendo en conta en todo momento o principio de compromiso coa responsabilidade social empresarial e procurando crear valor ambiental, social e económico a medio e longo prazo, tal e como recolle, desde outubro de 2024, o artigo terceiro dos estatutos sociais.

▸ Delegación da responsabilidade da xestión de impactos. Análise de riscos. Reporte de información non financeira.

O conselleiro delegado conta coa asistencia dun Comité de Dirección designado por el, que participa na planificación anual de obxectivos e na asignación de responsabilidades para a xestión de impactos. Ademais, o Comité de Dirección analiza os riscos e elabora os plans de acción necesarios para corrixir as debilidades detectadas.

Cada unha das persoas con obxectivos asignados —responsables de departamento, Dirección Xerencia e persoas integrantes de cada comité— elaborará os plans de acción que sexan necesarios para executar o indicado pola Dirección Xerencia na súa revisión periódica. En todos os plans de acción deben figurar os seguintes datos: que se vai facer; como se integrarán as accións nos procesos de negocio; que recursos se requirirán; quen será responsable; cando se finalizarán as actuacións, podendo empregarse un diagrama de Gantt ou similar para secuencialas no tempo; e como se avaliarán os resultados, incluíndo, cando proceda, o seguimento dos indicadores asociados.

Antes da posta en marcha de calquera plan de acción, este debe ser aprobado pola Dirección Xerencia, deixando rexistro da dita aprobación no documento elaborado.

Cada responsable dun obxectivo informará periodicamente á Dirección Xerencia, nos Comités de Calidade, Seguridade e Saúde, e Sustentabilidade e Medio Ambiente, cando proceda, sobre a execución deste e sobre os posibles reaxustes que fosen necesarios.

- A empresa conta no seu sistema de xestión cunha instrución titulada **"Contexto. Riscos e oportunidades"**, que define a sistemática para analizar o contexto da organización e asegurar a identificación, a análise e a resposta ante riscos e oportunidades en TGM – Toldos Gómez. Especificamente, analízanse, entre outros, os riscos relacionados con aspectos ambientais e coa seguridade e saúde no traballo. Para levar a cabo esta análise realízase unha análise interna e outra externa, incluíndo nesta última a análise de toda a cadea de valor.

- A empresa realizou unha análise de riscos en materia de corrupción e de dereitos humanos. Así mesmo, identificou, previu, tratou de mitigar e explicou os impactos negativos reais e potenciais en materia de dereitos humanos, normas laborais, medio ambiente e corrupción, entre outros ámbitos.

- Tamén se elaborou un mapa de riscos legais e penais que serviu de base para elaborar, en 2023, o novo Código de Conduta, incorporado ao Manual de Acollida actualizado en 2024.

- Así mesmo, o conselleiro delegado supervisa a elaboración da Memoria de Sustentabilidade, que segue os estándares GRI e inclúe información non financeira sobre aspectos ambientais, sociais e de gobernanza. Esta memoria utilízase como Informe de Progreso do Pacto Mundial e inclúe unha declaración expresa baixo o epígrafe «Mensaxe do Director», na que se renova anualmente o compromiso da organización cos dez principios do Pacto Mundial, se informa sobre a importancia do desenvolvemento sustentable para a organización e se destaca a tolerancia cero fronte á corrupción.

- A Memoria de Sustentabilidade publícase na páxina web da compañía e distribúese, a finais do ano seguinte, ás partes interesadas: principais clientes, representantes das persoas traballadoras, propietarios, autoridades locais e provedores, incluídos os provedores de capital. Desde a memoria de 2022, este documento sométese a verificación externa por un terceiro independente.

- O Informe de Progreso do Pacto Mundial elabórase de forma colaborativa polos departamentos de Administración involucrados, coa axuda da persoa responsable de Cumprimento Legal da entidade. Unha vez elaborado o informe, o conselleiro delegado avalía o seu contido e autoriza a súa publicación.

- A partir da presente memoria, a Declaración Ambiental elaborada no marco do Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS) queda integrada na Memoria de Sustentabilidade.

3.5 Actividade

TGM – Toldos Gómez céntrase no deseño, produción e instalación de sistemas de protección solar (toldos, capotas e antucas), carpas, pancartas, lonas para o transporte, produtos de lona para a industria, cintas de trincaxe e elevación, impresión dixital e rotulación sobre lonas, textís, produtos de vinilo e papel, o que dá lugar a seis liñas de negocio ben diferenciadas.



▸ **Sistemas de protección solar.** Solucións en toldos e outros sistemas para protexer fogares e locais de negocio do sol.



▸ **Impresión dixital e rotulacións.** Impresión dixital sobre multitude de soportes (lonas, textís, papel, vinilo, reixa, view thru, etc.) e rotulación con pintura e máscara ou vinilo de corte.



▸ **Confección de textís técnicos.** Confección á medida de todo tipo de tecidos técnicos, respondendo a moi diversas necesidades da industria, a agricultura, o deporte e outros sectores.



▸ **Carpas e estruturas.** Un cenador para cubrir unha mesa no xardín, stands para feiras ou accións publicitarias, comedores desmontables para a hostalaría, grandes carpas sen necesidade de licenza de obras.



▸ **Cintas de trincaxe e elevación.** Fabricación de cintas para a suxeición e elevación de cargas utilizando poliéster de alta tenacidade, con ou sen accesorios metálicos (Tipos A2, B1 e B2 segundo norma EN 1492-1:2000).



▸ **Lonas para o transporte.** Lonas de todo tipo de carrozarías de camión e remolque en distintos tipos de materiais (materiais ignífugos, illantes térmicos, PVC alimentario, entre outros).

MOHEVA

Adicionalmente, en 2023 TGM – Toldos Gómez puxo en marcha MOHEVA – Moda Feita con Valores, unha marca nacida para dar unha segunda vida a retallos de lona, tecidos técnicos e outros materiais procedentes do proceso produtivo que, doutro xeito, poderían acabar xestionándose como residuo. A través da elaboración de bolsos, carteiras, mochilas, neceseres, transportíns e outros complementos, MOHEVA converte o upcycling nunha nova liña de actividade vinculada á economía circular, contribuíndo á redución de residuos, ao aproveitamento de materiais e ao fomento de patróns de produción e consumo máis responsables. Os seus produtos confecciónanse localmente, no taller situado na fábrica de Arzúa, o que favorece o emprego e a economía do contorno, reduce impactos asociados ao transporte e reforza o compromiso da empresa con Galicia, presente tamén nos nomes das coleccións e produtos. Trátase, en definitiva, dun proxecto que une innovación, deseño, durabilidade e identidade territorial, aliñado especialmente cos ODS 8, 11, 12 e 13.

▸ A través da web **moheva.es** comercialízanse produtos elaborados con restos de fabricación.







3.6 Cadea de valor

A cadea de subministro de Toldos Gómez pódese resumir como:



Para cada unha das etapas da cadea de subministro, definíronse e identificáronse os principais impactos económicos, sociais e medioambientais:

- **En empresas provedoras:** consumo de materias primas e outros recursos non renovables no seu proceso produtivo, xeración de residuos, relacións laborais das empresas provedoras coas súas persoas traballadoras, subcontratistas e empresas provedoras.
- **No transporte:** consumo de combustible e emisións.
- **No centro produtivo de Toldos Gómez:** consumos de recursos non renovables, xeración de residuos, seguridade e saúde do persoal.
- **Instalación:** riscos de traballo en altura, residuos xerados durante a instalación.
- **Clientela:** posibilidade de xeración de residuos (lona, aluminio) finalizado o ciclo de vida do produto.


► Durante o ano 2025 realizáronse compras a 351 empresas provedoras, estando situadas o 50,43 % na Comunidade Autónoma Galega, o 43,59 % no resto de España e o 5,98 % fóra de España.

► As empresas provedoras dadas de alta no ano 2025 ascenden a 41; delas, 10 son empresas locais (domiciliadas na provincia da Coruña).

► O importe total de pedidos a empresas provedoras no ano 2025 ascende a 3.289.627 €; deste importe, o que corresponde a empresas provedoras locais é de 668.352 €.

► Esíxeselles ás empresas provedoras e subministradoras de material que asinen un documento titulado «Requisitos a cumprir por empresas provedoras e subcontratistas de Toldos Gómez», que contén obrigas en materia de medio ambiente, respecto aos dereitos humanos, cumprir a lexislación en materia de prevención de riscos e seguridade e saúde no traballo, sustentabilidade, etc.

- Localización das empresas provedoras:




4.0

GRUPOS DE INTERESE E CANLES DE DIÁLOGO



4.1 Grupos de interese

► A compañía identificou como grupos de interese os seguintes:



4.2 Canles de diálogo

Ao basear o seu modelo de xestión na sustentabilidade e na responsabilidade social corporativa, a organización mantén contacto constante cos seus grupos de interese, a través das seguintes canles:

► Clientela



TGM - TOLDOS GÓMEZ conta cun sistema de xestión da calidade certificado conforme á norma ISO 9001, orientado á mellora continua e a garantir a satisfacción da clientela como prioridade estratéxica. A organización rexistra e analiza de forma sistemática todas as reclamacións e felicitacións recibidas, e mantén unha comunicación activa a través de redes sociais, respondendo a recensións e consultas. Así mesmo, pon á disposición da súa clientela distintas canles para comunicar inquedanzas, impactos negativos ou incidencias, incluíndo a súa páxina web (https://www.toldosgomez.com), follas oficiais de reclamacións e unha canle ética que permite a presentación de denuncias anónimas conforme á normativa vixente.

► Persoas traballadoras



TGM – TOLDOS GÓMEZ promove un diálogo continuo co seu persoal mediante entrevistas periódicas coa Dirección, reunións trimestrais coa Representación Legal das Persoas Traballadoras e Comités de Seguridade e Saúde. A empresa respecta o dereito á liberdade sindical e á negociación colectiva, celebrándose eleccións sindicais o 20 de decembro de 2023.

As novas incorporacións contan cun plan de acollida que inclúe titoría e Manual de Acollida con enfoque en sustentabilidade. Así mesmo, se unha persoa desexa abandonar a empresa dáselle a oportunidade de manter unha entrevista de saída. Como parte da comunicación coas persoas traballadoras, existen diversas canles de comunicación interna (boletín, intranet, listas de difusión a través de WhatsApp para aquelas persoas que o autoricen, caixas de suxestións físicas e canle ética na páxina web que se pode accionar mesmo de forma anónima).

Disponse dun sistema de avaliación do desempeño – SED TGM- (incluído modelo 360º para directivos) e realízanse enquisas periódicas para avaliar clima laboral, riscos psicosociais e igualdade (participación destacada: 65,22 % en 2021; 45,83 % en 2023; 71,3 % en 2024).

A existencia destas canles de diálogo coas persoas traballadoras pretende detectar impactos negativos reais e potenciais, contribúe a un emprego estable de calidade e fortalece a captación de talento, que se ve reforzada.

► Sociedade



A empresa tamén mantén canles abertas de comunicación coa sociedade a través da súa páxina web e redes sociais, celebrando mesmo reunións periódicas con autoridades locais, incluído un encontro anual co Concello de Arzúa para presentar a Memoria de Sustentabilidade e recoller propostas de mellora. Así mesmo, promóvese o desenvolvemento local mediante a contratación de persoal e empresas provedoras do contorno, patrocinios e colaboracións con entidades locais, así como a organización de iniciativas como a Carreira Clásica TGM, encontro de atletismo que reúne persoas

do contorno e que ten unha finalidade social, destinando os beneficios obtidos a entidades sociais e ONG. O seguimento normativo e o diálogo activo permiten identificar e xestionar impactos reais e potenciais.

► Propiedade



As persoas propietarias expresan a súa vontade a través da Xunta Xeral de Socios. Todos os socios e socias reciben unha copia impresa da "Memoria de sustentabilidade". Durante o ano 2025 houbo unha reunión.

► Familia propietaria



O Protocolo Familiar vixente establece un Consello de Familia como órgano específico de participación e gobernanza.

► Empresas provedoras (subministradoras e contratistas):



Realízase unha avaliación anual de empresas provedoras, comunicando as incidencias relevantes detectadas. O departamento de compras mantén reunións periódicas con empresas provedoras, con participación frecuente da Dirección Xerencia. As principais empresas provedoras reciben a Memoria de Sustentabilidade e, ante a detección de impactos negativos relevantes, adóptanse medidas correctoras, incluída a posible substitución do provedor. No Comité de Sustentabilidade e Medio Ambiente revísase este proceso de avaliación co fin de analizar os posibles impactos indirectos negativos asociados á cadea de subministro e valorar o compromiso medioambiental e en materia de prevención de riscos das empresas provedoras.

► Entidades provedoras de capital

As entidades financeiras reciben información económico-financeira periódica (contas anuais auditadas, declaracións fiscais e información sobre operacións de crédito), así como a Memoria de Sustentabilidade. Mantéñense reunións regulares coa dirección financeira e a Dirección Xerencia para analizar a evolución da empresa.



Adicionalmente, e de forma transversal, todos os grupos de interese contan cunha canle ética adaptada á Lei 2/2023, que reforza a transparencia e a xestión responsable de posibles infraccións (https://toldosgomez.com/corporacion/canal-etico) e que permite as comunicacións anónimas e o seu posterior seguimento.

Os grupos de interese revisaranse cada ano.

A continuación, relaciónanse os grupos de interese e as canles de diálogo con eles; a principal novidade en todas e cada unha das canles de diálogo cos grupos de interese é a integración da canle ética, en cumprimento da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

Grupos de interese

Canles de diálogo

Grupos de interese

Clientela

- Sistema de xestión da calidade conforme á norma ISO 9001.
- Rexistro sistemático de todas as reclamacións e felicitacións.
- Enquisas de satisfacción.
- Atención e resposta a recensións e mensaxes en RR.SS.
- Canle ética.

Persoas empreadas

- Entrevistas persoais e individuais periódicas.
- Sistema de avaliación do desempeño.
- Reunións trimestrais coa RLPT.
- Consultas a todo o persoal.
- Canle ética.

Sociedade

- Páxina web e redes sociais.
- Reunións con autoridades locais.
- Presentación anual da Memoria de Sustentabilidade.
- Patrocinios, colaboracións e acción social.
- Canle ética.

Persoas propietarias

- Xunta Xeral de Socios/as.
- Canle ética.

Familia propietaria

- Consello de familia.
- Canle ética.

Empresas provedoras (subministradoras e contratistas)

- Avaliación anual.
- Canle ética.

Provedores de capital

- Envío de información económico-financeira.
- Operativa diaria.
- Persoal.
- Canle ética.

4.3 Conflitos de interese

Coa finalidade de evitar conflitos de interese, elaboráronse determinados textos que deben rexer as relacións dos grupos de interese, poñéndose á disposición destes os documentos correspondentes e velando polo seu cumprimento:



▸ Código de Conduta:

Rexe o comportamento de todas as persoas traballadoras internamente, pero tamén nas súas relacións con terceiras persoas alleas á empresa (por exemplo, provedores, clientes, autoridades locais e familia propietaria). O Código de Conduta inclúe esixencias de normas laborais, medio ambiente e anticorrupción, entre outras cuestións. O Código de Conduta entrégase sistematicamente a todo o persoal e establece o cumprimento da normativa legal vixente, esixíndose o desempeño das tarefas con integridade e honestidade, e manter estes principios nas relacións internas e externas.

O Código de Conduta insírese dentro do Manual de Acollida, que é un documento informativo que se entrega a cada persoa traballadora no momento da súa incorporación e que contén información da empresa en todos os seus aspectos (recursos humanos, código de conduta, calidade, prevención e xestión ambiental). Concretamente, ao longo do ano 2023 redactouse unha actualización do código de conduta da empresa incorporando aspectos importantes como o compromiso contra a corrupción, confidencialidade e protección de datos, utilización de equipos informáticos e acceso a internet. Esta nova versión inseriuse na nova versión do Manual de Acollida entregado a todas as persoas traballadoras no ano 2024.



▸ Protocolo Familiar:

Coa finalidade de previr conflitos de interese na familia propietaria entra en vigor o día 11 de marzo do ano 2006 un protocolo familiar que, ademais de establecer unha regulación sobre o réxime interno de comportamento da familia propietaria, prevé a existencia dunha Comisión de Conflitos para a interpretación e mediación en caso de conflitos dos distintos órganos sociais e familiares.



▸ Regulamento do Consello de Administración

Aprobado en reunión do Consello de Administración o día 30 de marzo do ano 2012. No seu artigo 29 sobre posibles conflitos de intereses, explica que cada conselleiro deberá absterse de asistir e intervir nas deliberacións que afecten a asuntos nos que se atope directa ou indirectamente involucrado, por si mesmo ou a través de familiares ata o segundo grao de parentesco, e tampouco poderá realizar directa ou indirectamente transaccións profesionais ou comerciais coa Sociedade, a non ser que informe anticipadamente da situación de conflito de intereses e o Consello aprobe a transacción.

Desde a entidade Toldos Gómez S.L. perséguese remediar os impactos negativos por medio dos mecanismos de queixa e reclamación que a entidade ten á disposición dos grupos de interese (canles de diálogo e solucións fronte a conflitos de grupos de interese explicados ut supra).



5.0

O NOSO COMPROMISO COS 10 PRINCIPIOS DO PACTO MUNDIAL



5.1 Respecto polos dereitos humanos (Principios 1 e 2)



Principio 1

"As empresas deben apoiar e respectar a protección dos dereitos humanos fundamentais, recoñecidos internacionalmente, dentro do seu ámbito de influencia"

Principio 2

"As empresas deben asegurarse de que as súas empresas non son cómplices na vulneración dos Dereitos Humanos"

▸ Riscos relativos aos Dereitos Humanos

A empresa non conta con man de obra infantil nin somete ningunha persoa traballadora a traballos forzosos.

▸ Avaliación de empresas provedoras

Todas as empresas provedoras atópanse situadas na Unión Europea ou no Reino Unido; en consecuencia, enténdese que cumpren a legalidade vixente nos ditos territorios e que, por tanto, respectan os dereitos humanos.

Todas as empresas provedoras foron avaliadas no momento da alta dunha empresa subministradora ou, se a dita empresa xa está activa, recórdase anualmente o compromiso de calidade e medio ambiente. Estas empresas obríganse a cubrir un cuestionario con indicacións neste sentido e, ademais, deben remitir a Toldos Gómez S.L. os certificados de calidade e medio ambiente cos que conten.

Aos principais provedores entrégaselles a «Memoria de Sustentabilidade».

O departamento de compras reúnese con asiduidade con representantes dos provedores. Nesas reunións está moitas veces presente a Dirección Xerencia. No caso de que se detectase a través da avaliación e seguimento da entidade provedora algún impacto negativo, adoptarase a decisión de cambio de empresa provedora.

5.2 Cumprimento das normas laborais (Principios 3, 4, 5 e 6)

Principio 3

"As empresas deben apoiar a liberdade de afiliación e o recoñecemento efectivo do dereito á negociación colectiva"

Principio 4

"As empresas deben apoiar a eliminación de toda forma de traballo forzoso ou realizado baixo coacción"



Principio 5

"As empresas deben apoiar a erradicación do traballo infantil"

Principio 6

"As empresas deben apoiar a abolición das prácticas de discriminación no emprego e a ocupación"


▸ Número de persoas empregadas e cambios significativos

Para comprobar a súa evolución, e seguindo o criterio utilizado en todo este documento de facilitar datos de tres anualidades, a información que se presenta a continuación compara para cada indicador os datos a 31 de decembro de 2023, 2024 e 2025.

• N° de empregados/as:

O persoal aumenta en dúas persoas respecto do ano anterior:






A compañía esfórzase por ofrecer un ámbito que permita poñer en valor e desenvolver o talento das persoas traballadoras. Para iso ten liñas de actuación en diversos ámbitos, entre outras, as seguintes:

- Plan de acollida no momento de incorporarse á compañía que inclúe o nomeamento dun titor/a, a formación específica necesaria e o calendario de seguimento da adaptación ao posto.
- Saúde e benestar no traballo, promovendo un ámbito de traballo favorable á saúde e ao benestar das nosas persoas traballadoras: realización periódica de enquisas de clima, análise de riscos psicosociais, plan de saúde e benestar.
- Políticas de Igualdade, ámbito libre de calquera tipo de acoso ou discriminación e medidas que favorezan o equilibrio entre a vida profesional e a vida privada.
- Formación: a organización de programas de formación é un dos piares das nosas prácticas de recursos humanos. A empresa conta cun Plan Anual de Formación e para a súa elaboración detéctanse as necesidades prioritarias tendo en conta as accións que a compañía considere estratéxicas e prioritarias.
- Avaliación e desenvolvemento: o sistema de avaliación de desempeño implantado na empresa é un piar fundamental na xestión e desenvolvemento do talento interno. É unha ferramenta fundamental para detectar o potencial de desenvolvemento, fomentar a flexibilidade interna e promover o talento co que conta a compañía.
- Promocións e cambios de posto: nestes casos actívase un procedemento para a acollida na nova posición e o seguimento do proceso de adaptación.

No ano 2025 houbo 12 persoas que, por diversos motivos, causaron baixa na entidade. As causas das ditas baixas foron: 9 baixas voluntarias, 2 xubilacións e 1 finalización de contrato. En consecuencia, a puntuación de rotación corresponde a 11,88.


En todo o ano 2025 o número de persoas traballadoras variou sempre arredor das 100, alcanzando as 102 a finais de ano.



▸ Perfil do persoal

• Xénero: a presenza da muller na compañía aumentou no último ano ata alcanzar o 43,14% do persoal.

▪ Cadro de persoal por xénero



No ano 2025 as persoas traballadoras de Toldos Gómez S.L. distribúense xeograficamente como segue:

• Número de persoas traballadoras por REXIÓN




- Provincia da Coruña, non residentes na comarca de Arzúa e municipios limítrofes: 18 persoas.
- Comarca de Arzúa e municipios limítrofes: 83 persoas.
- Resto das provincias galegas: 1 persoa.
- Fóra da Comunidade Autónoma de Galicia: 0 persoas.

83 persoas traballadoras do persoal residen na comarca de Arzúa e municipios limítrofes.

• Tipo de contrato: a contratación indefinida mantense en niveis moi altos, un 91,18 % do total do persoal. Isto pon de manifesto a aposta pola estabilidade no emprego. Ademais, séguese facilitando a inclusión da xuventude no mundo laboral, e en 2025 continuamos impulsando acordos de colaboración con entidades do contorno para a realización de prácticas do seu alumnado.

▪ Persoal por tipo de contrato




No ano 2025, a entidade Toldos Gómez S.L. conta con persoas que non son traballadoras da entidade, pero cuxo traballo está controlado pola organización: dúas persoas que realizaron prácticas na empresa e unha persoa consultora externa.

Ademais, un estudante en modalidade de FP dual estivo realizando a súa formación nas nosas instalacións.

En canto á alta dirección, unicamente o conselleiro delegado ten a condición de alto executivo.

• Xornada de traballo: en canto ao tipo de contrato segundo o tempo de traballo, a porcentaxe de persoal con xornada completa practicamente se mantén respecto do ano anterior, superando por pouco o 97 %.

Persoal por tipo de xornada.



Non existen prestacións para as persoas traballadoras a tempo completo que non se dean ás persoas traballadoras a tempo parcial ou temporais.

▸ Convenio Colectivo

Na empresa é de aplicación o Convenio Colectivo Xeral de traballo da industria téxtil e da confección (código 99004975011981), rexistrado por Resolución do 25 de setembro de 2025 e publicado no BOE do 9 de outubro de 2025. Este convenio aplícase á totalidade do persoal.

O Convenio non contempla dereitos máis favorables que os previstos na normativa laboral vixente. Por iso, as melloras existentes (medidas de conciliación, retribución variable e outros beneficios sociais) son iniciativas propias da empresa, que se detallan neste documento.

- Permiso por asuntos propios:

Aínda que a normativa establece que este tipo de permisos non pode gozarse por horas, a empresa permite o seu uso en franxas horarias, promovendo así unha maior flexibilidade e conciliación da vida persoal e laboral.

Permiso por hospitalización de familiares:

A lexislación recoñece un permiso de cinco días laborables, para gozar durante a hospitalización ou, se é o caso, con posterioridade se o informe médico así o require. A empresa mellora esta condición ao permitir o seu goce de forma fraccionada, incluíndo días posteriores á hospitalización, adaptándose ás circunstancias concretas de cada persoa traballadora.

Permiso para acompañamento médico:

De acordo coa lexislación, este permiso (ata 20 horas anuais) está destinado ao acompañamento de persoas dependentes ou fillos menores. A empresa amplía o seu alcance ao permitir o seu uso tamén para o acompañamento de familiares ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade, incluíndo familiares consanguíneos da parella de feito.

Preaviso sobre cambios operacionais:

O Estatuto dos Traballadores e o Convenio Colectivo establecen un preaviso mínimo de 15 días para comunicar modificacións substanciais das condicións laborais. No caso de tratarse dunha modificación colectiva, actívase un período de consultas coa representación legal das persoas traballadoras, conforme á normativa vixente.

▸ Remuneración:

A política retributiva baséase en tres principios: equidade interna, competitividade externa e motivación.

As remuneracións de todas as persoas traballadoras (persoal de alta dirección, mandos intermedios e resto do persoal) establécense de acordo cos criterios previstos no convenio colectivo aplicable, as responsabilidades do posto e as bandas salariais internas. As avaliacións retributivas permiten confirmar o cumprimento das pautas establecidas e detectar posibles desviacións que corrixir.

En canto ás persoas integrantes do Consello de Administración (máximo órgano de goberno da sociedade), distínguese entre os conselleiros e conselleiras dominicais, que representan a propiedade e cuxo cargo ostentan de forma gratuíta, e os conselleiros e conselleiras externos/as que perciben unha remuneración mensual fixa establecida pola Xunta Xeral de Socios e Socias.

A valoración de postos de traballo realizada polo Comité de valoración (constituído por persoal técnico, persoas integrantes da dirección da empresa e a representación legal das persoas traballadoras) e a súa periódica actualización son a base para establecer as bandas salariais que serven de referencia para contribuír á equidade salarial interna.



• A ratio de compensación anual calcúlase segundo a retribución anual da persoa mellor pagada da organización fronte á mediana da compensación total anual de todas as persoas traballadoras (excluída a persoa mellor pagada).

• A ratio de compensación anual é de 3,90 e practicamente se mantén invariable respecto do ano anterior.

▸ Beneficios sociais

• Existe unha póliza de seguros a favor do persoal (seguro colectivo de accidentes), en virtude da cal se garante que, en caso de falecemento ou de invalidez permanente nos seus graos de absoluta ou gran invalidez, derivados de accidentes de traballo, percibirán unha indemnización. No caso de Toldos Gómez as condicións desta póliza superan o establecido no convenio de referencia, incrementando a dita cifra en 53.000 euros adicionais.

• A compañía ofrece de maneira gratuíta para o colectivo de persoas traballadoras os servizos de asesoramento xurídico do seu departamento legal. Durante o ano 2025 deuse resposta a 17 consultas xurídicas de particulares.

• Así mesmo, Toldos Gómez ofrece ás súas persoas traballadoras o servizo gratuíto de confección da declaración da renda (incluídos cónxuxes ou parella). No ano 2025 utilizaron este servizo un total de 27 persoas.

Outros beneficios que ofreceu a compañía aos membros do seu persoal ao longo do período foron:

• Acordos con empresas para que as persoas traballadoras teñan descontos na adquisición dos seus produtos ou servizos. Todo o persoal é beneficiario.

• Agasallo dunha participación no sorteo da Lotería de Nadal. Regálase a todas as persoas traballadoras e a aquelas que se xubilaron traballando na entidade.

• Entradas gratuítas para os partidos que disputen como locais algúns dos clubs deportivos que patrocina a empresa. 34 persoas beneficiáronse disto.

• Cesta de Nadal. Todo o persoal en activo é beneficiario.



• A empresa faise cargo das sancións pecuniarias por multas de tráfico recaídas sobre persoas traballadoras conducindo vehículos de empresa en horario laboral, sempre que se trate de infraccións por exceso de velocidade, mal estacionamento ou relacionadas coa carga do vehículo. No ano 2025 cometéronse 18 multas de tráfico e/ou estacionamento, o que supuxo un importe de 1.683 €.

• Disposición de vehículos de empresa para uso particular en situacións xustificadas, previa aprobación pola dirección. Utilizaron este servizo 40 persoas ao longo do ano 2025.

▸ Igualdade de oportunidades, prevención do acoso e non discriminación

Toldos Gómez, S.L. respecta a dignidade persoal, a privacidade e os dereitos persoais de cada persoa traballadora e está comprometida a manter un lugar de traballo no que non existan situacións de discriminación ou acoso —acoso sexual, por razón de sexo ou acoso moral—.

Con este motivo, a empresa establece políticas que integran a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes e o colectivo LGTBI, sen discriminar directa ou indirectamente por razón de sexo, así como no impulso e fomento de medidas para conseguir a igualdade real no seo da compañía, sendo este punto un principio estratéxico da súa política corporativa e de recursos humanos.

No proceso de acollida dunha persoa que se incorpora a Toldos Gómez S.L. entrégase un Manual de acollida no que se contén o Código de conduta e o Protocolo de acoso. O Plan de Igualdade tamén está á disposición de todas as persoas traballadoras a través da Intranet corporativa.

O PLAN DE IGUALDADE

En outubro de 2023 aprobouse o III Plan de Igualdade de TGM Toldos Gómez e rexistrouse en REGCON co código 15103292112023. Nel a empresa reafirma o seu compromiso co establecemento e desenvolvemento de políticas que integren a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes e o colectivo LGTBI, sen discriminar directa ou indirectamente por razón de sexo. O novo Plan de Igualdade é o resultado da negociación levada a cabo pola Comisión Negociadora, formada de maneira paritaria por representantes da dirección da empresa e da representación legal das persoas traballadoras e que conta, ademais, co asesoramento técnico de persoas con formación específica na materia (dos departamentos de RRHH e Cumprimento Legal).

No exercicio 2025 levouse a cabo o seguimento contemplado no plan de acción, co obxectivo de revisar a implantación das medidas acordadas. En concreto, desenvolvéronse accións formativas e de sensibilización, promoveuse o uso de linguaxe inclusiva e acordouse iniciar a tramitación de medidas orientadas a garantir a igualdade efectiva das persoas trans e a protección dos dereitos do colectivo LGTBI.



ANO 2023:
APROBACIÓN E REXISTRO DO III PLAN DE IGUALDADE

O plan recolle sete obxectivos xerais:

1. Incorporar a perspectiva de xénero á xestión empresarial, sendo transversal a todas as áreas, políticas e decisións estratéxicas de Toldos Gómez.

2. Garantir a igualdade de trato e oportunidades de mulleres e homes no acceso, a selección, a contratación, a promoción, a formación e demais condicións laborais.

3. Promover a conciliación da vida familiar, persoal e laboral de todas as persoas que integran o persoal de Toldos Gómez, ao tempo que se fomenta a corresponsabilidade.

4. Garantir a non existencia de fenda salarial, asegurando que, a igual traballo, tanto mulleres como homes reciben a mesma retribución.

5. Evitar a discriminación sexual ou por razón de sexo, en calquera das súas formas, poñendo en marcha as accións necesarias para a prevención das situacións de acoso e asegurando o seu idóneo tratamento.

6. Velar pola neutralidade na imaxe que proxecta a organización, tanto a nivel interno como externo.

7. Realizar accións de sensibilización en materia de igualdade ao persoal.



O PROTOCOLO DE ACOSO

Desde o ano 2017 Toldos Gómez, S.L. conta cun Protocolo de actuación en caso de acoso ou discriminación que incorporou ao seu Código de conduta e trasladou a todo o seu persoal naquel momento. Posteriormente foi actualizado e adaptado ás esixencias establecidas polos sucesivos cambios normativos. O actual Protocolo, actualizado tamén no ano 2023, aprobado pola Comisión de Protocolo de Acoso constituída con esta finalidade, ten por obxecto o establecemento de compromisos en orde á información, prevención, intervención e supresión de condutas en materia de acoso sexual e por razón de sexo no traballo, discriminación e afectación á integridade moral no traballo, así como o establecemento dun procedemento interno, sumario e rodeado das garantías de confidencialidade que a materia esixe, co fin de canalizar as queixas e/ou conflitos que poidan producirse e propiciar a súa solución dentro da compañía.

O Protocolo de acoso denomínase, tras a actualización normativa de 2023, ***"Protocolo para a protección integral da liberdade sexual e a integridade moral no traballo"***.

- A principal novidade deste documento, en congruencia co Convenio 190 da OIT, é a prohibición taxativa de todas aquelas prácticas inaceptables, ben sexan manifestadas unha soa vez ou de forma repetitiva, que causen ou sexan susceptibles de causar un dano físico, psicolóxico, sexual ou económico.
- Nesta liña bríndase especial importancia ao "acoso moral" o "mobbing".
- Introdúcese o concepto de "ciberacoso" se as condutas se levan a cabo a través de medios telemáticos ou vía intranet.

No mencionado documento, Toldos Gómez S.L. comprométese ao establecemento e desenvolvemento de políticas que integren a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres, homes e o colectivo LGTBI —en congruencia coa Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, así como coa Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI—.

Durante o ano 2025 celebrouse unha reunión de seguimento do III Plan de Igualdade, na que se analizaron os datos actualizados do persoal, as medidas de conciliación vixentes e os principais indicadores en materia de igualdade. A fenda salarial de xénero (media total), calculada conforme ao rexistro retributivo obrigatorio correspondente a 2025, sitúase nun 15,24 %.

No ámbito normativo, o 8 de xaneiro de 2025 reuniuse a Comisión de Igualdade e Protocolo de Acoso como consecuencia da entrada en vigor do Real Decreto 1026/2024, que desenvolve medidas para a igualdade e non discriminación das persoas LGTBI nas empresas. Acordouse definir unha folla de ruta orientada a revisar e adaptar a documentación interna, reforzar a formación e sensibilización, difundir as medidas existentes e valorar a elaboración dun plan e protocolo específico para o colectivo LGTBI. Non obstante, decidiuse esperar á publicación do Convenio Colectivo da Industria Téxtil, ao ser o marco que debe concretar as medidas aplicables en cada empresa conforme ao citado Real Decreto.

▸ Formación

A formación segue sendo un dos piares das nosas políticas de recursos humanos. Como tal, conta cun indicador específico no noso sistema de calidade (% de persoas que reciben formación), cun valor mínimo aceptable (15 %) e seguimento semestral. A formación e o desenvolvemento do persoal da empresa teñen como obxectivo principal potenciar as habilidades do persoal e aumentar os coñecementos técnicos dos seus colaboradores/as para que poidan desenvolver as súas tarefas actuais e/ou futuras.

Coa xestión da formación preténdese:

- Contribuír á consecución dos obxectivos de Toldos Gómez.
- Apoiar o cambio e o desenvolvemento da organización.
- Reter e desenvolver o talento e o potencial de cada persoa.
- Mellorar a satisfacción das persoas da empresa, conseguindo un clima máis positivo dentro da organización.
- Dispoñer dun equipo motivado, eficaz e competitivo.



No cadro seguinte resúmense tanto o tipo de formación realizada ao longo do ano 2025 como o sexo das persoas traballadoras receptoras desta:

Nº DE PERSOAS QUE RECIBIRON FORMACIÓN (2025)	Nº DE PERSOAS	MULLERES		HOMES	
		Nº	%	Nº	%
No último ano	100	41	41 %	59	59 %
Media de horas dedicadas á formación no último ano por persoa	9,39 h	7,69 h	-	10,56 h	-
Nº de horas dedicadas á formación durante a xornada de traballo	939 h	315,5 h	33,60 %	623,5 h	66,40 %
Nº de horas dedicadas á formación fóra da xornada de traballo	0 h	0	0%	0 h	0%


Cursos realizados no último ano e persoas que participaron	Nº de persoas	Mulleres		Homes		Categoría profesional
		Nº	%	Nº	%	
ERP Xestión integral	1	1	100,00%	0	0,00%	100% D
Protección fronte ao acoso no traballo	1	1	100,00%	0	0,00%	100% D
Igualdade na negociación colectiva	1	1	100,00%	0	0,00%	100% E
Redución absentismo laboral	1	1	100,00%	0	0,00%	100% E
Finanzas para non financeiros	6	1	16,67%	5	83,33%	66,67% E + 33,33% Conselleiros Delegados
Novidades xurisprudenciais sobre igualdade	1	1	100,00%	0	0,00%	100% F
Carretilla elevadora	5	3	60,00%	2	40,00%	80% B e 20% C2-2
Primeiros auxilios e integración en PRL	1	1	100,00%	0	0,00%	100% D
Formación comercial Aqualé	14	3	21,43%	11	78,57%	14,28% E + 28,57% D + 21,43% C1-1 + 35,71%
Formación técnica Llaza	2	0	0,00%	2	100,00%	50% C2-2 e 50% C2-1
EMAS	1	1	100,00%	0	0,00%	100% F
PEMP	2	1	50,00%	1	50,00%	50% B + 50% C2-1
Xornada TGM	85	35	41,17%	50	58,82%	2,4% A; 12,19% B; 14,63% C2-2; 20,73% C2-1; 8,53% C1-2; 14,63% C1-1; 18,29% D; 4,88% E; 1,09% F; 1,22% F; 1,22% Conselleiro Delegado
Actitudes e Habilidades para o bo trato no traballo	90	41	45,55%	49	54,44%	3,33% A; 15,55% B; 10% C2-2; 23,33% C2-1; 6,66% C1-2; 15,55% C1-1; 18,89% D; 5,55% E; 1,09% F; 1,11% F; 1,11% Conselleiro Delegado

Cursos realizados no último ano e persoas que participaron	Nº de persoas	Mulleres		Homes		Categoría profesional
		Nº	%	Nº	%	
Open AI	1	0	0,00%	1	100,00%	C1-1/Oficialía especializada
Discriminación de xénero. Lexislación e xurisprudencia	2	1	50,00%	1	50,00%	50 % F - conselleiro
PRL instalación (Formación específica do posto)	21	0	0,00%	21	100,00%	B / C1-2
Protección solar advisor	2	0	0,00%	2	100,00%	Conselleiro delegado / E - Xefaturas dpto/téc. Superiores

Co obxectivo de mellorar as aptitudes das persoas traballadoras, así como para reforzar os valores que pretende conseguir a compañía, celébrase anualmente unha xornada na que todas as persoas traballadoras, logo de asistir a unha conferencia vinculada ao benestar no traballo, motivación, traballo en equipo, etc., reúnense coa finalidade de realizar actividades conxuntamente. Este día denomínase «Xornada TGM» e pretende mellorar valores como espírito de servizo, traballo en equipo, responsabilidade social, excelencia e integridade.

Un dos obxectivos estratéxicos establecidos pola compañía para o ano 2024 foi: «implantar un sistema para coñecer as necesidades formativas e elaborar un plan de formación anual». A súa finalidade principal era mellorar o sistema de planificación e seguimento da formación que se realiza na nosa organización, e como resultado diso tamén pretendiamos sistematizar o subproceso de recursos humanos polo cal se detectan as necesidades de formación e se seleccionan e programan accións formativas.

Como consecuencia de todo o proceso realizado elaborouse o informe sobre necesidades formativas e o correspondente plan de formación. Estableceuse unha periodicidade bianual para a actualización de ambos os documentos.



▸ Conciliación

En Toldos Gómez, S.L. apostamos por facilitar o equilibrio entre a vida laboral e persoal das persoas traballadoras, convencidos de que mellora a súa satisfacción, fidelidade e produtividade, ademais de reforzar a reputación da empresa. No marco da nosa Responsabilidade Social Empresarial, promovemos medidas de conciliación e estudamos novas accións cando a actividade o permite. O Plan de Igualdade vixente recolle medidas concretas para apoiar esta conciliación.

O Plan de Igualdade en vigor inclúe de maneira específica unha medida enfocada a promover e facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, na que se recollen expresamente as accións que a empresa ten vixentes actualmente.

A continuación, aparece o número de persoas que se beneficiaron de cada unha delas:

1 Adaptación da xornada laboral a circunstancias persoais ou familiares:

Dar resposta a situacións do contorno próximo que, por imprevistas e excepcionais, requiren unha maior dispoñibilidade da persoa traballadora ou cambios na súa distribución habitual da xornada: **5 persoas**.

2 Traballo a tempo parcial:

Adaptar a distribución da xornada ás necesidades de conciliación das persoas traballadoras: **ningún caso en 2025.**

3 Permiso por nacemento e coidado de menor: **3 persoas.**

4 Xornada laboral reducida:

As persoas poden traballar menos horas ao día ou á semana se acceden a ter unha retribución proporcionalmente inferior: **5 persoas.**

5 Permiso por asuntos propios (ausencias retribuídas e non recuperables):

Os días que neste sentido establece o convenio colectivo pódense gozar por horas soltas, non necesariamente en xornada completa: **todo o persoal.**

6 Programa de xestión de reunións:

celebrar as reunións internas dentro do horario laboral establecido: **todo o persoal.**

7 Abandono do lugar de traballo por unha emerxencia familiar:

As persoas traballadoras poden abandonar o seu posto de traballo para atender unha situación de emerxencia sen necesidade de xustificar a ausencia con anterioridade: **todo o persoal cando o necesita.**

8 Flexibilidade nos días de permiso e vacacións curtas:

As persoas traballadoras —sempre despois de consultalo co seu superior directo— poden tomar facilmente uns días de permiso ou unhas vacacións curtas fóra dos períodos vacacionais tradicionais: **todo o persoal.**

9 Adaptación do traballo:

Ante situacións excepcionais, como enfermidade ou accidente, a persoa traballadora continúa no posto, pero a carga de traballo ou responsabilidades adáptanse temporalmente: **3 persoas.**

10 Cambio do posto de traballo:

Ante situacións excepcionais, como enfermidade, accidente ou necesidades de conciliación familiar, á persoa empregada facilítanselle (temporal ou mesmo definitivamente, sempre que as necesidades organizativas o permitan) novas funcións intentando axustar o nivel de responsabilidade para unha mellor relación coa capacidade e dispoñibilidade: **2 persoas.**

11 Teletraballo:

Naqueles casos nos que sexa posible, coa aprobación previa da Xerencia: **7 persoas.**

12 Ante unha causa familiar grave:

Pódense adiantar vacacións e asuntos propios do ano seguinte: **ningunha persoa.**

En liña co fomento da conciliación, segue vixente a medida implantada en outubro de 2022 que modificou os horarios para concentrar a xornada laboral: xornada continuada en produción e, noutras áreas, polo menos unha tarde libre á semana. Esta iniciativa súmase á adoptada en 2021 no departamento de instalacións, onde se concentrou a xornada de inverno en 4 días.

▸ Indicadores de Prevención de Riscos Laborais


• Non houbo ningunha enfermidade profesional.

• Ao longo do ano 2025 producíronse 6 accidentes de traballo con baixa, sendo un deles cualificado como grave. A continuación, reflíctense as lesións máis habituais:

- Golpe como resultado dunha caída da persoa traballadora: **2 casos.**
- Colisión cun obxecto ou vehículo: **1 caso.**
- Choque cun vehículo: **1 caso.**
- Lesión por queimadura: **1 caso.**
- Contacto cun axente cortante: **1 caso.**


Con iso, o índice de incidencia volve aumentar con respecto a 2024, situándose en 50, con 198 xornadas perdidas e un índice de gravidade de 1,13 (sen incluír os accidentes in itinere).

■ Baixas do cadro de persoal





■ **Días perdidos por accidentes de traballo con baixa**





▸ Sistema de xestión de saúde e seguridade no traballo

O Sistema de Xestión de Seguridade e Saúde no Traballo de Toldos Gómez, baseado na norma ISO 45001 (SST-0142/2019, vixente ata o 18/10/2028), establece o método para identificar, avaliar e actualizar os riscos laborais de todas as actividades da empresa, incluídas tarefas auxiliares ou subcontratadas. Tamén contempla a avaliación de riscos que poidan afectar tanto ao persoal propio como ao de empresas do contorno.

O modelo organizativo da Prevención da empresa responde ás seguintes indicacións:

- A Dirección asume a responsabilidade máxima da súa definición e posterior aplicación.
- Os postos intermedios, segundo queda definido no organigrama da empresa, adquiren a responsabilidade da súa posta en práctica e xestión no ámbito propio e específico das súas competencias.
- As persoas traballadoras, ademais de incorporar as actividades de Prevención e Protección como parte das súas tarefas, adquiren o dereito a ser consultadas e a ter unha participación activa nela a través dos Delegados de Prevención, de acordo co indicado no seu nomeamento.
- A Dirección e os postos intermedios contarán co apoio e asesoramento do Servizo de Prevención Alleo co que teña contratada a actividade preventiva.

Ademais, o Sistema de Xestión da Saúde e Seguridade no Traballo asegura unha correcta consulta e participación do persoal a través do Comité de Seguridade e Saúde, da caixa de suxestións ou das inquedanzas que se lle formulen á persoa traballadora designada. Coa introdución da canle ética, as persoas traballadoras tamén poden formular as súas inquedanzas nesta materia a través deste mecanismo.

En congruencia con todo o exposto, o SGSST está integrado tamén coa investigación de accidentes e incidentes e o seguimento das medidas correctivas implantadas, así como o método para efectuar a vixilancia da saúde (revisión médica anual, levada a cabo polo Servizo de Prevención Alleo, obrigatoria para as persoas traballadoras que realizan traballos en altura e/ou están expostas a axentes químicos).

Por último, o SGSST garante a Coordinación de Actividades Empresariais con outras empresas, asegurando que os servizos realizados por entidades ou persoal externo contratado por TGM-Toldos Gómez, tanto nos seus centros de traballo como nas instalacións nas que execute traballos, se leven a cabo segundo o establecido na lexislación vixente.

Para iso, a persoa encargada da Coordinación de Actividades Empresariais velará polo correcto cumprimento do deber de cooperación ante a existencia de concorrencia de persoas traballadoras de varias empresas nun mesmo centro de traballo.



1- Real Decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.

► Identificación de perigos, avaliación de riscos e investigación de incidentes

1 A empresa conta cun **Plan de Prevención de Riscos Laborais**, elaborado e revisado periodicamente pola Responsable de Seguridade e Saúde no Traballo xunto co Servizo de Prevención Alleo (SPA). Este plan contempla **a identificación de perigos e riscos específicos por posto de traballo** e a adopción de medidas preventivas para reducilos ou eliminalos.



2 Realízase unha **avaliación de riscos** en cada centro de traballo, incluíndo o departamento de instalacións, que contempla a probabilidade e gravidade dos riscos detectados. As medidas adoptadas son verificadas para asegurar un maior grao de protección do persoal.

3 Ante calquera accidente ou incidente, lévase a cabo unha **investigación sistemática** con participación da Responsable de Calidade, Medio Ambiente e SST, o SPA e as persoas traballadoras implicadas, co obxectivo de previr a súa repetición. Os incidentes repórtanse trimestralmente ao Comité de Seguridade e Saúde.


2.- O deber de cooperación será de aplicación a todas as empresas e persoas traballadoras autónomas concorrentes nun centro de traballo, existan ou non relacións xurídicas entre elas.

• Ademais de remitir á empresa externa a documentación que se lle esixa, recompilará toda a documentación necesaria que avalíe os riscos nas instalacións externas así como as medidas que a empresa deberá adoptar con respecto ás súas persoas traballadoras.

• No que respecta ao cumprimento dos requisitos relacionados con empresas que acoden ao propio centro de traballo de Toldos Gómez comprobarase coa documentación esixida á mesma que a entidade externa cumpre con todos os requisitos de Seguridade Social, medio ambiente, responsabilidade civil e seguridade no traballo.

• Dada a actividade da empresa que subscribe, isto é, a instalación de toldos e lonas, na que gran parte do traballo se realiza en altura, cobra especial importancia o exame e revisión dos equipos de elevación empregados. En consecuencia, ben sexa a plataforma elevadora propiedade de Toldos Gómez, S.L. ou alugada por esta, ou propiedade da empresa cliente, toda a documentación será taxativamente revisada e ningunha persoa traballadora poderá empregar estas máquinas se non foron previamente revisadas e autorizado o seu emprego.

5.3 Protección do medio ambiente (Principios 7, 8 e 9)



5.3.1 Política da empresa



A Dirección de Toldos Gómez, S.L.
ten como obxectivo prioritario distinguirse como unha empresa sustentable, rendible, líder no seu sector e referente no seu ámbito de actuación nos mercados de:

- sistemas de protección solar
- confección de textís técnicos
- impresión dixital e rotulacións
- cintas de trincaxe e elevación
- carpas e estruturas
- lonas para o transporte

Para iso comprométese e insta a todas as persoas que forman parte de TOLDOS GÓMEZ, S.L. a:

- Mellorar continuamente os procesos internos da empresa.
- Cumprir as necesidades e expectativas da nosa clientela, así como os requisitos legais e regulamentarios aplicables, incluíndo a protección do medio ambiente, o compromiso de prevención da contaminación e da seguridade e saúde no traballo.
- Ofrecer á nosa clientela a mellor e máis completa información posible sobre os produtos que fabricamos e comercializamos.
- Dar un bo servizo posvenda que produza satisfacción á nosa clientela.
- Dispoñer dos recursos técnicos máis avanzados no sector.
- Contar cos recursos humanos necesarios para o desempeño da súa actividade, fomentando o máximo compromiso destes con esta política e os obxectivos da empresa, recorrendo para iso á consulta e participación destes, garantindo a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, e tratando de contribuír á súa realización integral como persoas.
- Fabricar os produtos coa calidade requirida ao menor custo posible.

- Seleccionar e avaliar os nosos provedores e subcontratistas utilizando criterios de calidade, cumprimento ambiental e responsabilidade social.
- Investigar para mellorar os nosos produtos actuais e crear novos produtos para ofrecer ao mercado.
- Proporcionar condicións de traballo seguras e saudables para a prevención de lesións e deterioración da saúde.
- Eliminar os perigos e reducir os riscos para a Seguridade e Saúde no Traballo.
- Apoiar e desenvolver, dentro da nosa esfera de influencia, os dez principios do Pacto Mundial das Nacións Unidas en materia de Dereitos Humanos, Dereitos Laborais, Medio Ambiente e loita contra a corrupción.

Con este compromiso aspiramos a conseguir a excelencia na xestión e lograr:

- PERSOAL FELIZ de formar parte deste equipo.
- CLIENTELA SATISFEITA cos nosos produtos e a nosa atención.
- PROPIETARIOS ORGULLOSOS desta empresa.
- Contribuír de forma activa á MELLORA DA SOCIEDADE.




En Arzúa, a 2 de xaneiro de 2024

Asdo. A Dirección

5.3.2 Contexto da empresa

▸ Tras analizar os cambios nas cuestións externas e internas, modificamos o DAFO de forma que en cor verde se manteñen as cuestións vixentes a día de hoxe, tachamos o que entendemos que xa non é de aplicación desde 2025 e engadíronse en laranxa as cuestións que entendemos que nos afectan desde 2025. Con todo, debe matizarse a fortaleza «Sistema de Avaliación do desempeño e retribución variable en función desta avaliación», xa que o Consello de Administración non estableceu este ano un sistema de retribución variable, así que se reformula como «Existencia dun sistema de avaliación do desempeño». Inclúese a continuación o DAFO.



AMEAZA

DEBILIDADE

OPORTUNIDADE

FORTALEZA

► As debilidades, ameazas e oportunidades detectadas trasladáronse á táboa de riscos, definindo accións para tratar de minimizalas ou potencialas. Remítese á mesma para coñecer o seu contido.

EXTERNO

AMEAZA

- Competencia incipiente de grandes empresas.
- Cambios na canle de distribución (intermediación de cervexeiras).
- Materias primas derivadas do petróleo.
- Incremento de custos asociados con materias primas, auxiliares e transportes (contedores) e subministracións (electricidade, gas, gasóleo...).
- Escaseza de materias primas e auxiliares que podería provocar atrasos na entrega.
- Incrementos de carga salarial (salario mínimo, incremento de cotizacións).
- Prevénse cambios lexislativos que reduzan a marxe operativa da empresa.
- Escaseza de talento ou experiencia en determinadas posicións.

DEBILIDADE

- Pedidos insuficientemente documentados.
- Altos custos de non calidade.
- Alto endebedamento.
- Estacionalidade nos traballos demandados.
- Moitos dos traballos efectúanse en altura.
- Escasa especialización do persoal á chegada. A formación debe ser interna.
- Non se reservan materiais.
- Presupóstase antes de coñecer a solución.
- Non se fai unha correcta imputación dos materiais ás ordes de fabricación.
- Escasa rendibilidade.
- Dúas localizacións en Arzúa, o que dificulta a comunicación entre procesos.
- A sociedade avala préstamos de Guarnicionería Hermanos Gómez.
- Antigüidade das máquinas utilizadas no proceso produtivo.

INTERNO

► Xaneiro 2024 ► Engadido desde 2025. ► ~~Tachado o que non aplica desde 2025~~

EXTERNO

~~• Demanda dos nosos produtos.~~

• Incremento da demanda dos produtos de protección solar debido ao cambio climático.

• O mercado valora cada vez máis o cumprimento legal en materia de Prevención de riscos, Medio ambiente e a profesionalización.

• Tendencia da sociedade á dixitalización.

• No mercado existen equipos de protección individual e colectiva que permiten minimizar os riscos laborais.

• Tendencia a relocalizar a produción en Europa.

OPORTUNIDADE

INTERNO

• Sistema de xestión da calidade, medio ambiente e SST certificado.
• ERP implantado, integrado con recollida de datos en planta (OLANET), traballos en mobilidade (ARADIC) e integración coa páxina web (IBICE).
• Experiencia e implicación do persoal.
• Instalacións produtivas amplas e ben equipadas.
• Maquinaria adecuadamente mantida, con marcado CE ou adaptada ao RD1215/97.
• Comunicación bidireccional fluída e sen nesgos.
• Presenza dun departamento de Cumprimento legal que persegue o cumprimento dos convenios e leis de aplicación.
• Elaboración e verificación por un terceiro de confianza dunha Memoria de Sustentabilidade conforme a GRI.
• Seguro colectivo de accidentes que mellora o convenio colectivo.
• Existencia dun código de conduta.
• Protocolo de actuación en caso de acoso e discriminación.
• Consideramos que as empresas do mesmo sector non poden competir connosco en canto a recursos dispoñibles en materia de SST.
• Posibilidade de explorar sistemas de intelixencia artificial.
• Plan de igualdade rexistrado.
~~• Sistema de Avaliación do desempeño e retribución variable en función desta avaliación.~~
• Existencia dun Sistema de Avaliación do desempeño.
• Implantadas medidas de conciliación e concentración horaria.
• Marca consolidada e amplamente recoñecida.
• Capacidade para realizar traballos á medida de índole moi diversa.

FORTALEZA

► Xaneiro 2024 ► Engadido desde 2025. ► ~~Tachado o que non aplica desde 2025~~

5.3.3 Descrición do sistema de xestión medioambiental da organización

▸ TGM-Toldos Gómez conta cun sistema de xestión ambiental, integrado co sistema de xestión da calidade, que foi deseñado en concordancia cos requisitos esixidos polas normas UNE-EN-ISO 9001, UNE-EN-ISO 14001 e o Regulamento EMAS. En 2019 o sistema de xestión integrouse co de seguridade e saúde no traballo segundo ISO 45001.

A integración de EMAS con ISO 9001, ISO 14001 e ISO 45001 forma un sistema de xestión integrado que abrangue calidade, medio ambiente e seguridade laboral, permitindo á organización mellorar o seu desempeño global, reducir riscos, cumprir requisitos legais e reforzar o seu compromiso coa sustentabilidade e as persoas.


O principal documento do dito sistema de xestión ambiental é o Manual de Xestión, que recolle o compromiso da dirección, establece a política de empresa e serve de base para comprender o resto do sistema. A continuación, reprodúcese o mapa de procesos da organización, contido no dito manual.


O sistema conta ademais con fichas de proceso, procedementos e instrucións que recollen, de forma práctica e operativa, os requisitos que deben cumprir todos os membros da organización para cumprir co establecido no sistema integrado de xestión de calidade e medio ambiente.



▸ Así mesmo, o comportamento ambiental en relación coas disposicións legais vixentes é coidadosamente vixiado por parte de TGM Toldos Gómez, mantendo un sistema de alerta diario e permanente ante a normativa vixente nesta materia que nos resulte de aplicación, así como ante calquera outra que poida xurdir e concernirnos directa ou indirectamente.




PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA
XESTIÓN FINANCEIRA
DIRECCIÓN
COMERCIAL
PLANIFICACIÓN
DESEÑO
PROPIETARIOS


CLIENTELA
PRODUCIÓN
INSTALACIÓN E ENTREGA
FACTURACIÓN E COBRO
MEDICIÓN, ANÁLISE E MELLORA
DIRECCIÓN
COMPRAS
PROVEDORES
P.ESTRATÉXICOS
SUBMINISTRADORES
SUBCONTRATAS
XESTIÓN DE RECURSOS TÉCNICOS E INFRAESTRUTURAS
PERSOAS
PERSOAS EMPREGADAS
ADMINISTRACIÓN
SOCIEDADE
VECIÑANZA

5.3.4 Aspectos medioambientais directos e indirectos significativos


A organización identificou e avaliou os aspectos ambientais directos e indirectos dos seus catro centros de traballo. Para a avaliación dos ditos aspectos utilízanse unha serie de criterios de avaliación que se basean en:

- **Magnitude:** indica a cantidade, peso, volume, superficie, duración, frecuencia, etc.
- **Intensidade:** indica a importancia medioambiental, toxicidade, sensibilidade do medio, probabilidade, etc.

A avaliación dos aspectos ambientais e, por tanto, a consideración dun aspecto ambiental como significativo farase segundo o produto da magnitude pola intensidade.

Produto da magnitude x a intensidade

Como consecuencia, xurdiron como significativos os seguintes aspectos ambientais directos de cada centro de traballo:



ASPECTO AMBIENTAL	IMPACTO AMBIENTAL	ARZÚA RAÍDO	ARZÚA NOVA SEDE	BERGONDO	SANTIAGO
Consumo de auga	Diminución de recursos naturais	NON	SI	NON	NON
Consumo de gases	Diminución de recursos naturais	SI	NON	NON	NON
Xeración de residuos de papel e cartón	Contaminación por residuos sólidos urbanos	NON	SI	SI	NON
Xeración de residuos sólidos urbanos	Contaminación por residuos sólidos urbanos	NON	SI	NON	NON
Xeración de baterías e acumuladores	Contaminación por residuos perigosos	SI	SI	SI	SI
Xeración de lodos de pintura e verniz	Contaminación por residuos perigosos	SI	NON	NON	NON
Xeración de filtros de compresor	Contaminación por residuos perigosos	SI	SI	SI	SI
Xeración de envases metálicos contaminados	Contaminación por residuos perigosos	SI	NON	NON	NON
Xeración de disolvente non haloxenado	Contaminación por residuos perigosos	NON	SI	N.P.	N.P.
Vertido de augas sanitarias	Alteración da calidade da auga	NON	SI	NON	NON
Compras a provedores (aspecto indirecto). Xeración de residuos perigosos	Contaminación por residuos perigosos	SI	SI	SI	SI

► SI = significativo; ► NON = non significativo ► N.P. = Non Procede

Tamén foron considerados os aspectos ambientais indirectos, resultando significativa a xeración de residuos perigosos por parte dos nosos provedores.

Non resultou significativo ningún aspecto ambiental en situación de emerxencia.

5.3.5 Obxectivos e metas medioambientais

Co obxectivo de reforzar o seu desempeño ambiental, a organización define anualmente obxectivos ambientais específicos, cuxo seguimento se realiza trimestralmente no Comité de Sustentabilidade e Medio Ambiente, e de forma global na Revisión anual do Sistema pola Dirección.

Para 2025 establecéronse dous obxectivos. A continuación, detállase o grao de avance deles:

1. Mellorar o aproveitamento da materia prima e reducir a xeración de restos.

Este obxectivo busca optimizar o uso de materiais en toda a organización, reducindo a xeración de residuos e mellorando a rendibilidade. O foco céntrase nos residuos de lona, dado que os residuos de ferro e aluminio xa se valorizan mediante a súa venda a xestores autorizados.

- **Volume de residuos de lona por millón de euros facturado:** o indicador sitúase en 0,67, o que supón unha redución do 71 % respecto a 2023 e do 67,3 % respecto a 2024. Trátase dun resultado altamente positivo.
- **Metros cadrados de lona imputados por volume de facturación (en ordes de fabricación con lona):** con 243.346 m^2 imputados e unha facturación asociada de 4.978.950 € o indicador alcanza 4,88 m^2 por cada 100 € facturados, cumprindo o obxectivo fixado de non superar os 4,9 m^2/100 €.

Para alcanzar estes resultados adoptáronse medidas concretas: establecemento de directrices específicas para optimizar o aproveitamento de materiais e restos, control e xestión de lonas de segunda man e busca activa de clientes para a valorización de restos xerados. Avaliouse a posibilidade de automatizar o rexistro e inventario de restos para a súa venda posterior, aínda que finalmente esta medida foi descartada.

En conxunto, os resultados obtidos reflicten unha mellora significativa na eficiencia do uso de materias primas e na redución de residuos xerados.

2. Cálculo de pegada de carbono.


A organización integrou o cálculo da pegada de carbono como unha ferramenta clave para medir, xestionar e reducir o seu impacto climático. Esta análise permite cuantificar as emisións de gases de efecto invernadoiro, identificar focos de mellora e definir obxectivos de redución aliñados coa transición cara a unha economía baixa en carbono.

Cálculouse e rexistrouse a pegada de carbono correspondente aos anos 2021, 2022, 2023 e 2024 no Rexistro de Pegada de Carbono do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico —**MITECO**—, obtendo en todas estas anualidades o selo "**CÁLCULO".**

Selo "CÁLCULO".



Os resultados foron os seguintes:



Respecto ao ano 2025, calculouse a pegada de carbono utilizando a calculadora do MITECO e rexistrouse formalmente o 3 de setembro de 2026. O resultado é de 159,90 t CO2e, o que supón unha redución aproximada do 30 % respecto a 2024.

A organización supera así amplamente o obxectivo de redución do 5 % establecido para 2025 no marco do seu plan de redución, o que se explica en gran medida pola posta en marcha dunha planta fotovoltaica para autoconsumo en abril de 2024.

► En conxunto, o rexistro sistemático da pegada de carbono reforza o compromiso da organización coa mellora continua, a transparencia ambiental e a loita contra o cambio climático.

Obxectivos ambientais para o ano 2026

A organización fixou, en coherencia coa súa política ambiental e en cumprimento do Regulamento EMAS, novos obxectivos ambientais para o ano 2026, reforzando así o seu compromiso coa mellora continua e o desempeño ambiental.

1. Realizar e manter un inventario de lonas usadas e restos de lona grandes para mellorar o seu aproveitamento

Asígnase este obxectivo á Dirección Xerencia. **Preténdese** con el poñer en valor as lonas vellas ou usadas, e mellorar o aproveitamento da lona. O obxectivo estará conseguido no momento en que o departamento comercial poida consultar o stock de lonas usadas en tempo real e no que se establezan instrucións por escrito para:

- Reducir a xeración de restos ao cortar.
- Sacar proveito aos restos xerados.

Os pasos que se establecen para a consecución deste obxectivo son:

- Inventariar e rexistrar en RPS as lonas usadas, antes do 31 de marzo de 2026.
- Establecer por escrito unha sistemática para, no momento do corte, reducir a xeración de restos de lona, antes do 30 de abril de 2026.
- Establecer por escrito unha sistemática para o aproveitamento dos restos reutilizables, antes do 31 de maio de 2026.

2. Reducir o consumo e o vertido de auga no parque empresarial de Arzúa

Asígnase este obxectivo á Dirección Xerencia. **Preténdese** con el reducir de forma significativa o consumo de auga neste centro de traballo, debido a que resultou un aspecto ambiental significativo. **Saberemos que o alcanzamos cando os indicadores** de partida en 2025 melloren polo menos nun 50%:

- Consumo e vertido de auga: 232 m^3 en 2025, debería ser inferior a 116 m^3 en 2026.
- Indicador de consumo e vertido, referenciado á facturación: 74,58 (calcúlase polos m^3 de auga / facturación × 10^6), debería ser en 2026 de 37,20.

Os **pasos concretos que se establecen** para conseguir este obxectivo son:

- Revisión integral da instalación de fontanaría con apoio de persoal especializado, para a detección e reparación de fugas ou perdas, antes do 31 de marzo de 2026.
- Sensibilización do persoal sobre o aforro de auga mediante boas prácticas no ámbito laboral, antes do 31 de maio de 2026.
- Optimización de procesos internos que impliquen consumo de auga, fomentando prácticas de uso responsable, antes do 30 de xuño de 2026.
- Establecemento dun seguimento periódico do indicador definido para avaliar a eficacia das medidas adoptadas, antes do 31 de marzo de 2026.

5.3.6 Información dispoñible sobre o comportamento da empresa respecto aos aspectos ambientais

TGM - Toldos Gómez ten deseñado un sistema de indicadores ambientais para medir, avaliar e controlar o seu impacto ambiental. Este sistema compleméntase cun programa de participación interna que fomenta a implicación do persoal na mellora continua do desempeño ambiental da organización.

Ambos os instrumentos constitúen a base para o seguimento dos obxectivos ambientais establecidos e para a identificación de oportunidades de mellora na xestión ambiental da empresa. A través deles promóvese unha cultura organizativa orientada á sustentabilidade, á prevención de impactos ambientais e ao uso eficiente dos recursos.


A continuación, analízanse tanto os principais indicadores ambientais utilizados pola organización como as características e resultados do programa de participación desenvolvido.

FACTURACIÓN € (B)					
	ARZÚA		BERGONDO	SANTIAGO	TOTAL
	RAÍDO	POLÍGONO			
2023	2.571.780,78	2.746.446,04	290.790,85	499.501,08	6.108.518,75
2024	2.541.372,30	3.008.834,42	283.132,07	439.758,69	6.273.097,48
2025	2.778.362,86	3.110.792,90	298.155,25	490.384,08	6.677.695,09

Facturación 2025: suma da base impoñible de todas as facturas emitidas no exercicio (dato distinto ao importe neto da cifra de negocios que figura nas contas anuais).

CONSUMOS


▸ Consumo de enerxía eléctrica non renovable = Megavatios hora/facturación x 10^6 (Indicador básico)



	2023	2024	2025
RAÍDO-ARZÚA			
A	21,89	50,13	23,53
R	8,51	19,72	8,47
Parque Empresarial de Arzúa			
A	169,37	152,16	41,61
R	61,67	50,57	13,38
Bergondo			
A	10,10	10,37	3,01
R	34,74	36,62	10,09
Santiago			
A	13,50	13,81	4,13
R	27,03	31,39	8,43

Fonte consultada: facturas do provedor


▸ Consumo de enerxía eléctrica renovable = Megavatios hora/facturación x 10^6



	2023	2024	2025
Raído-Arzúa			
A	64,06	22,27	59,90
R	24,91	8,76	21,56
Parque Empresarial de Arzúa			
A	0	0	110,45
R	0	0	35,51
Bergondo			
A	0	0	8,35
R	0	0	28,01
Santiago			
A	0	0	10,16
R	0	0	20,71

Fonte consultada: facturas do provedor

▸ Consumo de papel = Toneladas de papel / Facturación Arzúa e delegacións x 10^6




Arzúa e delegacións

	2023	2024	2025
Arzúa e delegacións			
A	1,03	1,08	0,97
R	0,17	0,17	0,15

Fonte consultada: facturas do provedor.

▸ Consumo de auga = m³ de auga / facturación x 10^6 (Indicador básico)



	2023	2024	2025
Raído-Arzúa			
A	121,85	136,08	146,98
R	47,38	53,55	52,90
Parque Empresarial de Arzúa			
A	77	72	232
R	28,04	23,93	74,58
Bergondo			
A	16	15	20
R	55,02	52,98	67,08
Santiago			
A	36	39	31
R	72,07	88,69	63,22


O consumo de auga no Parque Empresarial de Arzúa resulta significativo debido á detección dunha billa aberta no exterior da nave, na zona de construción, cuxa localización resultou complexa. Descoñécese como puido abrirse. Tras proceder ao seu peche, o contador deixou de rexistrar consumo en ausencia de persoal.

Ponse especial coidado en evitar o malgasto de auga, asegurándonos de deixar ben pechadas as billas despois de usalas e arranxando o antes posible as avarías detectadas.

Na delegación de Raído (Arzúa), a empresa dispón dun pozo propio para o abastecemento de auga, cumprindo coas obrigas legais correspondentes, entre elas a comunicación da captación e a realización de análises periódicas para o control da calidade da auga. No resto das delegacións, o subministro de auga procede da rede municipal de abastecemento. O consumo contrólase mediante a revisión periódica das facturas emitidas pola entidade subministradora, o que permite realizar un seguimento do uso do recurso e detectar posibles desviacións ou incrementos anómalos no consumo.

Fonte consultada: lecturas contador de auga en Raído - Arzúa, facturas do provedor nos demais centros.

▸ Consumo de gasóleo automoción =
= MWh gasóleo automoción / Facturación Arzúa e delegacións x 10^6 (Indicador básico)




Arzúa e delegacións

	2023	2024	2025
Arzúa e delegacións			
A	358,94	463,37	476,84
R	58,45	73,87	71,41

Considéranse os consumos directos dos bens propios e os consumos de bens alugados estímase en base ao prezo medio do combustible no momento do alugueiro.

Fonte consultada: Web INEGA 2023:
1 MWh= 0,086 toneladas equivalentes de petróleo.
1 tn gasóleo = 1,017 toneladas equivalentes de petróleo.
Densidade do gasóleo: 0,85 kg/litro

▸ CONSUMO DE GLP AUTOMOCIÓN =
= MWH GLP AUTOMOCIÓN / FACTURACIÓN ARZÚA E DELEGACIÓNS X 10^6 (INDICADOR BÁSICO)




ARZÚA E DELEGACIÓNS

	2023	2024	2025
ARZÚA E DELEGACIÓNS			
A	32,39	19,84	9,11
R	5,27	3,16	1,36

Fonte consultada: Web INEGA 2023:
1 MWh= 0,086 toneladas equivalentes de petróleo.
10 m3 GLP= 0,9275 toneladas equivalentes de petróleo.

▸ Consumo de gasolina automoción
= MWH gasolina automoción / facturación Arzúa e delegacións x 10^6 (Indicador básico)




Arzúa e delegacións

	2023	2024	2025
Arzúa e delegacións			
A	38,05	25,20	13,95
R	6,20	4,02	2,09

Fonte consultada: Web INEGA 2023:
1 MWh= 0,086 toneladas equivalentes de petróleo.
1 tn gasolina= 1,051 toneladas equivalentes de petróleo.
Densidade da gasolina: 0,7413 kg/litro.

▸ CONSUMO DE ADBLUE PARA AUTOMOCIÓN = =KG DE ADBLUE / FACTURACIÓN ARZÚA E DELEGACIÓNS X 10^6




ARZÚA E DELEGACIÓNS

	2023	2024	2025
ARZÚA E DELEGACIÓNS			
A	249,61	543,91	750,13
R	40,65	86,71	112,33

Fonte consultada: facturas do provedor.
Densidade de AdBlue: 1,09 kg/litro.

▸ Consumo de gasóleo calefacción =
=MWh gasóleo calefacción / facturación Raído-Arzúa x 10^6 (Indicador básico)



Raído-Arzúa


	2023	2024	2025
	Raído-Arzúa		
A	30,69	20,46	20,46
R	11,93	8,05	7,36

Arzúa é o único centro que dispón de calefacción de gasóleo.

Fonte consultada: Web INEGA:
1 MWh= 0,086 toneladas equivalentes de petróleo.
1 tn gasóleo= 1,035 toneladas equivalentes de petróleo.
Densidade do gasóleo: 0,85 kg/litro.

▸ Consumo de gases

Toneladas de gas para soldar/ Facturación Raído-Arzúa x 10^6 (Indicador básico)




Raído-Arzúa

	2023	2024	2025
Raído-Arzúa			
A	0,030	0,021	0,015
R	0,0117	0,0083	0,0054

O consumo de gases de soldadura de ferro e aceiro resulta significativo en Raído, a pesar de que o número de botellas consumidas baixou un 28,57%, o indicador diminuíu un 34,66% e a facturación aumentou un 9,33%.

Fonte consultada: facturas do provedor.
Toneladas = N° botellas x 3 quilos / 1000.

▸ Consumo de disolvente =
= Toneladas de disolvente / Facturación Arzúa e delegacións x 10^6 (Indicador básico)




Arzúa e delegacións

	2023	2024	2025
Arzúa e delegacións			
A	0,78	0,63	0,66
R	0,13	0,10	0,10

Fonte consultada: facturas do provedor e FDS Disolvente universal.
Densidade: 0,867 kg/litro

► CONSUMO DE LONA =
= m^2 LONA / FACTURACIÓN ARZÚA E DELEGACIÓNS x 10^6 (INDICADOR BÁSICO)




ARZÚA E DELEGACIÓNS

	2023	2024	2025
ARZÚA E DELEGACIÓNS			
A	239235,77	234471,67	242129,45
R	0,04	0,04	0,04

Fonte consultada: facturas do provedor.
Non se dispón do peso de todos os tipos de lona dispoñibles, polo que se optou por avaliar o resultado en m^2 de lona en lugar de en toneladas.

▸ CONSUMO DE PINTURA = LITROS DE PINTURA / FACTURACIÓN ARZÚA E DELEGACIÓNS x 10^4 (INDICADOR BÁSICO)




ARZÚA E DELEGACIÓNS

	2023	2024	2025
ARZÚA E DELEGACIÓNS			
A	973,61	760,40	537,25
R	1,59	1,21	0,80

Fonte consultada: facturas do provedor.

▸ XERACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA RENOVABLE=
= MEGAVATIOS HORA/FACTURACIÓN RAÍDO-ARZÚA X 10^6 (INDICADOR BÁSICO)



	2023	2024	2025
RAÍDO - ARZÚA			
A	7,10	6,72	6,60
R	2,76	2,64	2,38
P. EMPRESARIAL			
A	0,00	29,04	37,73
R	0,00	9,65	12,13

Na delegación de Raído, a empresa dispón dunha instalación de xeración de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables. A enerxía producida é vertida á rede eléctrica e comercializada, polo que actualmente non se destina ao autoconsumo das instalacións da empresa.

No Parque Empresarial de Arzúa dispoñemos dunha instalación fotovoltaica cunha potencia instalada de 49 kW. Aínda que aínda non se completou o trámite de alta en UFD, a planta está xerando enerxía eléctrica desde marzo de 2024. Unha parte importante desta enerxía destínase ao autoconsumo das nosas instalacións, mentres que o excedente non aproveitado se perde.


Fonte consultada: facturas do provedor en Raído-Arzúa e sistema de monitorización da instalación fotovoltaica no Parque Empresarial de Arzúa.

XERACIÓN DE RESIDUOS

A organización clasifica os seus residuos en perigosos e non perigosos, segundo o seu impacto ambiental e requisitos de xestión. Os residuos perigosos requiren tratamento específico por xestores autorizados, mentres que os non perigosos, que poden ser industriais ou asimilables a urbanos, xestiónanse mediante reciclaxe, valorización ou recollida municipal. A continuación, preséntanse os residuos xerados.

A- Residuo non perigoso


► XERACIÓN DE RESIDUOS DE PLÁSTICO =
= TONELADAS DE RESIDUOS DE PLÁSTICO / FACTURACIÓN X 10^6 (INDICADOR BÁSICO)



	2023	2024	2025
RAÍDO-ARZÚA			
A	1,52	1,52	1,28
R	0,59	0,60	0,46
PARQUE EMPRESARIAL DE ARZÚA			
A	1,12	0,96	1,52
R	0,41	0,32	0,49
BERGONDO			
A	0,00	0,00	0,00
R	0,00	0,00	0,00
SANTIAGO			
A	0,11	0,00	0,00
R	0,22	0,00	0,00

Fonte consultada: albarás do provedor en Santiago e rexistro interno nos demais centros.
Toneladas= M^3 de residuos x 0,1

▸ XERACIÓN DE RESIDUOS DE PAPEL E CARTÓN =
= TONELADAS DE RESIDUOS DE PAPEL E CARTÓN / FACTURACIÓN X 10^6 (INDICADOR BÁSICO)




	2023	2024	2025
RAÍDO-ARZÚA			
A	1,92	2,24	1,92
R	0,75	0,88	0,69
PARQUE EMPRESARIAL DE ARZÚA			
A	1,76	10,98	20,10
R	0,64	3,65	6,46
BERGONDO			
A	0,33	0,42	0,53
R	1,14	1,48	1,76
SANTIAGO			
A	0,04	0	0,00
R	0,08	0,00	0,00

A xeración de residuos de papel e cartón resulta significativa tanto no Parque Empresarial de Arzúa como en Bergondo. No parque empresarial o volume de residuos aumentou un 83,06%, mentres que o indicador creceu un 77,06%. As cantidades entregadas rexístranse mediante estimacións realizadas por unha persoa responsable. En Bergondo, os residuos experimentaron un incremento do 27,19% e o indicador aumentou un 18,92%. Durante o ano realizáronse tres entregas.

Fonte consultada: albarás do provedor en Santiago, certificado de recollidas provedor en Bergondo e rexistro interno en Arzúa. Toneladas= M^3 de residuos x 0,1

▸ XERACIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS =
= TONELADAS DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS / FACTURACIÓN X 10^6 (INDICADOR BÁSICO)




	2023	2024	2025
RAÍDO-ARZÚA			
A	3,68	3,76	3,52
R	1,43	1,48	1,27
PARQUE EMPRESARIAL DE ARZÚA			
A	6,56	4,32	8,66
R	2,39	1,44	2,78
BERGONDO			
A	0,40	0,40	0,46
R	1,38	1,41	1,54
SANTIAGO			
A	0,30	0,33	0,34
R	0,60	0,75	0,69

Os residuos sólidos urbanos resultan significativos no Parque Empresarial de Arzúa; o indicador aumentou nun 93,06%, a cantidade de residuos nun 100,46% e a facturación nun 3,39%. A cantidade de residuos é estimada por unha persoa responsable.

Fonte consultada: rexistro interno.
Toneladas= M^3 de residuos x 0,1


▸ XERACIÓN DE RESIDUOS DE LONA =
= TONELADAS XERADAS DE RESIDUOS DE LONA / FACTURACIÓN X 10^6



	2023	2024	2025
RAÍDO-ARZÚA			
A	4,10	3,40	2,83
R	1,60	1,34	1,02
PARQUE EMPRESARIAL DE ARZÚA			
A	7,42	6,85	2,12
R	2,70	2,28	0,68
BERGONDO			
A	0,00	0,08	0,00
R	0,00	0,29	0,00
SANTIAGO			
A	0,09	0,00	0,00
R	0,18	0,00	0,00

Fonte consultada: albarás do provedor.

▸ XERACIÓN DE CHATARRA DE ALUMINIO = = TONELADAS DE CHATARRA DE ALUMINIO / FACTURACIÓN ARZÚA E DELEGACIÓNS x 10^6 (INDICADOR BÁSICO)



ARZÚA E DELEGACIÓNS

	2023	2024	2025
ARZÚA E DELEGACIÓNS			
A	4,82	5,10	1,70
R	0,78	0,81	0,25


Durante o proceso produtivo xéranse recortes e restos de aluminio derivados das operacións de fabricación e montaxe. Estes residuos metálicos son segregados e almacenados de forma diferenciada para facilitar a súa correcta xestión.

A chatarra de aluminio xerada entrégase a un xestor autorizado para a súa valorización, sendo destinada a procesos de reciclaxe que permiten a súa reincorporación como materia prima en novos ciclos produtivos.

Deste xeito, a empresa favorece a recirculariación do material, contribuíndo á redución do consumo de recursos naturais e á mellora da eficiencia no uso de materias primas dentro dun modelo de economía circular.

Fonte consultada: albarás do provedor.

▸ XERACIÓN DE CHATARRA DE FERRO E ACEIRO = = TONELADAS DE CHATARRA DE FERRO E ACEIRO / FACTURACIÓN ARZÚA E DELEGACIÓNS x 10^6 (INDICADOR BÁSICO)




ARZÚA E DELEGACIÓNS

	2023	2024	2025
ARZÚA E DELEGACIÓNS			
A	6,26	3,89	1,43
R	1,02	0,62	0,21

Fonte consultada: albarás do provedor.

B- Residuo perigoso


► XERACIÓN DE MATERIAL IMPREGNADO =
= QUILOS DE MATERIAL IMPREGNADO / FACTURACIÓN X 10^6 (INDICADOR BÁSICO)



	2023	2024	2025
RAÍDO-ARZÚA			
A	0	8	42
R	0,00	3,15	15,12
PARQUE EMPRESARIAL DE ARZÚA			
A	39	20	0
R	14,20	6,65	0,00
BERGONDO			
A	0	26	0
R	0,00	91,83	0,00
SANTIAGO			
A	0	0	0
R	0,00	0,00	0,00

Fonte consultada: albarás do provedor.

▸ XERACIÓN DE ENVASES BALEIROS METÁLICOS CONTAMINADOS =
= QUILOS DE ENVASES BALEIROS METÁLICOS CONTAMINADOS / FACTURACIÓN X 10^6
(INDICADOR BÁSICO)




	2023	2024	2025
RAÍDO-ARZÚA			
A	111	46	103
R	43,16	18,10	37,07
PARQUE EMPRESARIAL DE ARZÚA			
A	0	56	12
R	0,00	18,61	3,86
BERGONDO			
A	0	31	0
R	0,00	109,49	0,00
SANTIAGO			
A	0	0	0
R	0,00	0,00	0,00

Os envases baleiros metálicos contaminados resultan significativos en Raído-Arzúa ao xestionar os residuos, tanto na planta alta como na planta baixa.

Fonte consultada: albarás do provedor.

▸ PRODUCIÓN DE RESIDUOS DE DISOLVENTE NON HALOXENADO = = QUILOS DE RESIDUOS DE DISOLVENTE NON HALOXENADO / FACTURACIÓN X 10^6 (INDICADOR BÁSICO)




	2023	2024	2025
RAÍDO-ARZÚA			
A	54	51	0
R	21,00	20,07	0,00
PARQUE EMPRESARIAL DE ARZÚA			
A	42	58	82
R	15,29	19,28	26,36

A xeración de residuos de disolvente non haloxenado resulta significativa na nova sede debido ao baleirado do bidón.

Os residuos de disolvente non haloxenado xéranse só nos dous centros de Arzúa

Fonte consultada: albarás do provedor.

▸ XERACIÓN DE LODOS DE PINTURA E VERNIZ = = QUILOS DE RESIDUOS DE LODOS DE PINTURA E VERNIZ / FACTURACIÓN X 10^6




	2023	2024	2025
RAÍDO-ARZÚA			
A	225	61	79
R	87,49	24,00	28,43
PARQUE EMPRESARIAL DE ARZÚA			
A	0	0	51
R	0,00	0,00	16,39

A xeración de lodos de pintura e verniz resulta significativa en Raído-Arzúa debido ao baleirado do bidón.

Fonte consultada: albarás do provedor.


▸ Xeración de envases plásticos contaminados =
= Quilos de envases plásticos contaminados / Facturación x 10^6 (Indicador básico)



	2023	2024	2025
Raído-Arzúa			
A	0	27	0
R	0,00	10,62	0,00
Parque Empresarial de Arzúa			
A	0	7	0
R	0,00	2,33	0,00

Fonte consultada: albarás do provedor.

▸ XERACIÓN DE BATERÍAS E ACUMULADORES =
= QUILOS DE BATERÍAS E ACUMULADORES / FACTURACIÓN ARZÚA E DELEGACIÓNS x10^6




	2023	2024	2025
ARZÚA E DELEGACIÓNS			
A	0	0	50
R	0,00	0,00	7,49

A xeración de baterías e acumuladores resulta significativa ao entregarse catro baterías de chumbo esgotadas do SAI.

Fonte consultada: albarás do provedor.

▸ Xeración de filtros de compresor =
= Quilos de filtros/facturación Arzúa e delegacións x 10^6 (Indicador básico)




	2023	2024	2025
Arzúa e delegacións			
A	0,00	0,00	24,00
R	0,00	0,00	3,59

A xeración de filtros do compresor resulta significativa en Raído ao realizar o baleirado do bidón.

Fonte consultada: albarás do provedor.

▸ XERACIÓN DE RESIDUOS DE AEROSOIS = = QUILOS DE RESIDUOS DE AEROSOIS / FACTURACIÓN ARZÚA E DELEGACIÓNS x 10^6 (INDICADOR BÁSICO)



ARZÚA E DELEGACIÓNS

	2023	2024	2025
ARZÚA E DELEGACIÓNS			
A	16	5	17
R	2,61	0,80	2,55


Fonte consultada: albarás do provedor.

TOTAL DE RESIDUOS NON PERIGOSOS E TOTAL DE RESIDUOS PERIGOSOS

TOLDOS GÓMEZ S.L. clasifica os seus residuos en perigosos e non perigosos, de acordo cos criterios de significancia definidos no sistema de xestión ambiental. Os residuos rexístranse por centro ou delegación, e preséntanse os totais da organización para facilitar a avaliación global do comportamento ambiental.


Inclúense a continuación os totais de residuos xerados, distinguindo por tipo e centro:

▸ TONELADAS TOTAIS DE RESIDUOS NON PERIGOSOS =
= TONELADAS DE RESIDUOS NON PERIGOSOS / FACTURACIÓN X 10^6




	2023	2024	2025
RAÍDO-ARZÚA			
A	22,44	20,25	12,68
R	8,73	7,97	4,56
PARQUE EMPRESARIAL DE ARZÚA			
A	16,86	23,11	32,40
R	6,14	7,68	10,42
BERGONDO			
A	0,73	0,90	0,99
R	2,51	3,19	3,30
SANTIAGO			
A	0,54	0,33	0,34
R	1,09	0,75	0,69
ARZÚA E DELEGACIÓNS			
A	40,58	44,59	46,41

▸ QUILOS TOTAIS DE RESIDUOS PERIGOSOS = = QUILOS DE RESIDUOS PERIGOSOS / FACTURACIÓN X 10^5



	2023	2024	2025
RAÍDO-ARZÚA			
A	4896,56	209,33	301,77
R	190,40	8,24	10,86
PARQUE EMPRESARIAL DE ARZÚA			
A	81	134,00	145,00
R	2,95	4,45	4,66
BERGONDO			
A	0	57	0
R	0,00	20,13	0
SANTIAGO			
A	0	0	0
R	0	0	0
ARZÚA, BERGONDO E SANTIAGO			
A	4977,56	400,33	446,77
R	81,06	6,38	6,69


► TONELADAS DE RESIDUOS PERIGOSOS E NON PERIGOSOS =
= TONELADAS TOTAIS DE RESIDUOS PERIGOSOS E NON PERIGOSOS / FACTURACIÓN X 10^6



	2023	2024	2025
Raído-Arzúa			
A	27,34	20,46	12,98
R	10,63	8,05	4,67
Parque Empresarial de Arzúa			
A	16,94	23,24	32,55
R	6,17	7,72	10,46
Bergondo			
A	0,73	0,96	0,99
R	2,51	3,39	3,30
Santiago			
A	0,54	0,33	0,34
R	1,09	0,75	0,69
Arzúa e delegacións			
A	45,55	44,99	46,86
R	7,42	7,17	7,02

VERTIDOS

► VERTIDO DE AUGA = m^3 DE AUGA / FACTURACIÓN X 10^6 (INDICADOR BÁSICO)




	2023	2024	2025
RAÍDO-ARZÚA			
A	121,85	136,08	146,98
R	47,38	53,55	52,90
PARQUE EMPRESARIAL DE ARZÚA			
A	77	72	232
R	28,04	23,93	74,58
BERGONDO			
A	16	15	20
R	55,02	52,98	67,08
SANTIAGO			
A	36	39	31
R	72,07	88,69	94,48

O vertido de auga no Parque Empresarial de Arzúa resulta significativo debido á detección dunha billa aberta no exterior da nave, na zona de construción, cuxa localización resultou complexa. Descoñécese como puido abrirse. Tras proceder ao seu peche, o contador deixou de rexistrar vertido en ausencia de persoal.

Está prohibido o lavado de vehículos, este mantemento será realizado en gasolineiras ou establecementos destinados para tal fin.

Fonte consultada: lecturas contador de auga en Raído - Arzúa, facturas do provedor nos demais centros.


▸ EMISIÓNS PROCEDENTES DO CONSUMO DE ENERXÍA ELÉCTRICA = TONELADAS EQUIVALENTES CO_2 / FACTURACIÓN X 10^6



	2023	2024	2025
RAÍDO-ARZÚA			
A	5,95	14,17	6,54
R	2,31	5,57	2,35
PARQUE EMPRESARIAL DE ARZÚA			
A	45,83	43,05	11,57
R	16,69	14,31	3,72
BERGONDO			
A	2,75	2,90	0,84
R	9,45	10,24	2,80
SANTIAGO			
A	3,67	3,86	1,15
R	7,35	8,78	2,34

Toneladas equivalentes de CO_2 = Kwhora x 0,278 de xaneiro a xuño e kwhora x 0 de xullo a decembro.
Fonte factor de emisión (FE) indicado polo MITECO para o período 2024.
Fonte consultada: facturas do provedor.

▸ EMISIÓNS DE GASES DE COMBUSTIÓN GASÓLEO B7 AUTOMOCIÓN. TONELADAS EQUIVALENTES CO_2/FACTURACIÓN ARZÚA E DELEGACIÓNS x 10^6 (INDICADOR BÁSICO)




ARZÚA E DELEGACIÓNS

	2023	2024	2025
ARZÚA E DELEGACIÓNS			
A	86,56	115,48	118,83
R	14,10	18,41	17,80

Toneladas de CO_2=∑ Teq CO_2+Teq CH_4+Teq N_2O
Toneladas = Litros de combustible x 2,505 kg. de CO_2 /1000
Fonte Factor de emisión (FE) indicado polo MITECO para o período 2024.
As toneladas equivalentes de CH_4 e N_2O calcúlanse considerando o potencial de quecemento global (GWP) segundo a norma ISO 14064:2019 e os poderes caloríficos inferiores (PCI) de cada combustible e os factores de emisión indicados polo MITECO para o período 2024.
Tivéronse en conta tamén as emisións de CH_4 e N_2O.
Fonte consultada: facturas do provedor.

▸ Emisións de gases de gasóleo C da caldeira = = Toneladas equivalentes de CO_2 caldeira calefacción / Facturación Arzúa x 10^6 (Indicador básico)




Arzúa e delegacións

	2023	2024	2025
Arzúa e delegacións			
A	8,60	5,80	5,80
R	3,35	2,28	2,09

Toneladas de CO_2=∑ Teq CO_2+Teq CH_4+Teq N_2O
Toneladas = Litros de combustible x 2,898 kg. de CO_2/1000.
Fonte factor de emisión (FE) indicado polo MITECO para o período 2024.
As toneladas equivalentes de CH_4 e N_2O calcúlanse considerando o potencial de quecemento global (GWP) segundo a norma ISO 14064:2019 e os poderes caloríficos inferiores (PCI) de cada combustible e os factores de emisión indicados polo MITECO para o período 2024.
Tivéronse en conta tamén as emisións de CH_4 e N_2O.
Fonte consultada: facturas do provedor.

▸ EMISIÓNS DE GASES DE COMBUSTIÓN GLP = TONELADAS EQUIVALENTES DE CO_2 AUTOMOCIÓN GLP / FACTURACIÓN ARZÚA E DELEGACIÓNS X 10^6 (INDICADOR BÁSICO)




ARZÚA E DELEGACIÓNS

	2023	2024	2025
ARZÚA E DELEGACIÓNS			
A	73,27	56,63	14,02
R	14,98	14,63	2,10

Toneladas de CO_2=∑ Teq CO_2+Teq CH_4+Teq N_2O
Toneladas = Litros de combustible GLP transporte x 1,661 kg. de CO_2/1000.
Fonte factor de emisión (FE) indicado polo MITECO para o período 2024.
As toneladas equivalentes de CH_4 e N_2O calcúlanse considerando o potencial de quecemento global (GWP) segundo a norma ISO 14064:2019 e os poderes caloríficos inferiores (PCI) de cada combustible e os factores de emisión indicados polo MITECO para o período 2024.
Tivéronse en conta tamén as emisións de CH_4 e N_2O.
Fonte consultada: facturas do provedor.

▸ EMISIÓNS DE GASES DE COMBUSTIÓN GASOLINA = TONELADAS EQUIVALENTES DE CO_2 AUTOMOCIÓN GASOLINA / FACTURACIÓN ARZÚA E DELEGACIÓNS x 10^6 (INDICADOR BÁSICO)




ARZÚA E DELEGACIÓNS

	2023	2024	2025
ARZÚA E DELEGACIÓNS			
A	8,99	5,92	3,28
R	1,46	0,94	0,49

Tipo de gasolina: E10. Consultar ficha técnica Efitec 95 (máxima porcentaxe de etanol na gasolina)
Toneladas de CO_2=∑ Teq CO_2+Teq CH_4+Teq N_2O
Toneladas = Litros de combustible x 2,128 kg. de CO_2/1000.
Fonte factor de emisión (FE) indicado polo MITECO para o período 2024.
As toneladas equivalentes de CH_4 e N_2O calcúlanse considerando o potencial de quecemento global (GWP) segundo a norma ISO 14064:2019 e os poderes caloríficos inferiores (PCI) de cada combustible e os factores de emisión indicados polo MITECO para o período 2024.
Tivéronse en conta tamén as emisións de CH_4 e N_2O.
Fonte consultada: facturas do provedor.

▸ EMISIÓNS DE GASES DE GASÓLEO CALEFACCIÓN E AUTOMOCIÓN, GLP, GASOLINA E ENERXÍA ELÉCTRICA = TONELADAS EQUIVALENTES DE CO_2 GASÓLEO CALEFACCIÓN E AUTOMOCIÓN, GLP, GASOLINA E ENERXÍA ELÉCTRICA / FACTURACIÓN ARZÚA E DELEGACIÓNS X 10^6 (INDICADOR BÁSICO)




ARZÚA E DELEGACIÓNS

	2023	2024	2025
ARZÚA E DELEGACIÓNS			
A	212,55	142,35	82,12
R	34,61	22,69	12,30

Toneladas de CO_2=∑ Teq CO_2+Teq N_2O+Teq CH_4
Toneladas eq CO_2 = litros de combustible x FE kg. de CO_2/1000.
Fonte factor de emisión (FE) indicado polo MITECO para o período 2024.
As toneladas equivalentes de CH_4 e N_2O calcúlanse considerando o potencial de quecemento global (GWP) segundo a norma ISO 14064:2019 e os poderes caloríficos inferiores (PCI) de cada combustible e os factores de emisión indicados polo MITECO para o período 2024.
Tivéronse en conta tamén as emisións de CH_4 e N_2O.
Fonte consultada: facturas do provedor.

▸ Emisións totais de SO_2 = Quilos de SO_2/Facturación Arzúa e delegacións x 10^6




Arzúa e delegacións

	2023	2024	2025
Arzúa e delegacións			
A	0,84	1,02	1,02
R	0,14	0,16	0,15

Factor de emisión de xofre en combustible: 10 miligramos por litro.
Fonte factor de emisión RD 61/2006.
Toneladas de SO_2 = litros de combustible x FE x 2 /1000000000.

▸ EMISIÓNS TOTAIS DE NOx = QUILOS DE NOx/FACTURACIÓN ARZÚA E DELEGACIÓNS x 10^6




ARZÚA E DELEGACIÓNS

	2023	2024	2025
ARZÚA E DELEGACIÓNS			
A	1477,47	1780,82	1784,22
R	240,61	283,88	267,19

Factor de emisión de NOx en combustible: 0,035 kg/l.
Fonte Volvo «BRT beneficios ambientales e perspectivas tecnológicas» Dec 2007.
Toneladas de NOx = litros de combustible x FE /1000.

▸ Emisións totais de PM = quilos de PM/Facturación Arzúa e delegacións x 10^6




Arzúa e delegacións

	2023	2024	2025
Arzúa e delegacións			
A	84,43	101,76	101,96
R	13,75	16,22	15,27

Factor de emisión de PM en combustible: 0,002 kg/l.
Fonte Volvo «BRT beneficios ambientales e perspectivas tecnológicas» Dec 2007.
Toneladas de PM = litros de combustible x FE /1000.

▸ EMISIÓNS TOTAIS ANUAIS DE AIRE = QUILOS DE SO_2, NOX E PM/FACTURACIÓN ARZÚA E DELEGACIÓNS X10^6




ARZÚA E DELEGACIÓNS

	2023	2024	2025
ARZÚA E DELEGACIÓNS			
A	1562,74	1883,60	1887,19
R	254,50	300,27	282,61

Non se consideran relevantes outras emisións de gases de efecto invernadoiro debido á reducida porcentaxe que representan respecto ao total. Durante o período avaliado non se rexistraron emisións de HFCs, NF_3 nin SF_6.

Factor de emisión: suma de SO_2, NOx e PM en combustible.
Fonte Volvo «BRT beneficios ambientales e perspectivas tecnológicas» Dec 2007.
Toneladas de SO_2, NOx e PM = litros de combustible × FE / 1.000.

► EMISIÓNS DE COMPOSTOS ORGÁNICOS VOLÁTILES =
= LITROS DE DISOLVENTE CONSUMIDOS / FACTURACIÓN ARZÚA E DELEGACIÓNS x 10^6




ARZÚA E DELEGACIÓNS

	2023	2024	2025
ARZÚA E DELEGACIÓNS			
A	901	731	756
R	146,73	116,53	113,21

Non atopamos a forma de converter o noso consumo de disolvente en emisións de COV, polo que mantemos o indicador que tiñamos variando o denominador.
Non se efectúan medicións de emisións de SO_2 NOx e PM, posto que o noso proceso produtivo non as xera.
Fonte consultada: facturas do provedor.

BIODIVERSIDADE


▸ OCUPACIÓN DO ESPAZO EN RELACIÓN CO MEDIO AMBIENTE (ASPECTO INDIRECTO) =
